


Ardora

(s)edições anarquistas



nº 2



Ardora

(s)edições anarquistas

Para nós é imprescindível articular um espaço de comunicação, ver os resultados e esforços de umha publicação em papel, dar importância aos livros e a sua potencialidade subversiva.

As condições em que imaginar, pensar, e practicar a confrontação revolucionária, están hoje longe de serem favoráveis. Mas pensamos que «Ardora», como projeto de comunicação, pode ajudar a vincular e confrontar diferentes ideias, debates, perspectivas e propostas.

Animamos a colaborar já seja com a distribuição ou enviando artigos e propostas. Para todo isto, um contacto: ardora@riseup.net

Esta publicação foi maquetada entre Galiza e a Habana e impressa nalgum lugar de Compostela em Novembro de 2017.

O coletivo nom tem por que partilhar todas as opiniões aqui expostas. A intenção destas paginas é fomentar o debate e o pensamento crítico.

Se queres recebê-la na casa podes subscrever-te enviando um correio a: ardora@bastardi.net

Nem dêreitos, Nem deveres.





Lumes



Sobre incendios forestais

Eu son brigadista da empresa SEAGA na provincia da Coruña. Este fatídico fin de semana acababamos de ser recontratados para o dispositivo antiincendios, aínda así ninguén nos chamou para actuar. Gustaríame facer unhas pequenas reflexións soltas sobre esa e outras cuestións relativas á vaga de lumes.

Levo máis de dez anos traballando nos incendios, son fixo discontinuo nunha empresa pública que serve de ETT á Xunta para contratar ao persoal de extinción sen as garantías laborais dun funcionario. Vaia, que facemos exactamente o mesmo traballo que as brigadas da Xunta pero cobrando menos e con menos dereitos recoñecidos. Nos concellos hai xente que, facendo o mesmo que fago eu, aínda cobra menos.

O caso é que o pasado 12 de outubro acabóusenos a encomenda de traballo (que segundo sentenza debe coincidir co período de alto risco). Como as condicións climáticas eran tremendamente perigosas en materia de incendios e como ampliaron os contratos doutros traballadores do sector, pero non os nosos, realizamos unha protesta o día 13 ás portas do

ministerio. Aínda non remataramos a concentración de denuncia cando xa nos estaban chamando para ampliarnos o contrato ata o 31 (querían despedirnos, pero sen que ninguén o soubese, sen mala imaxe). Ou sexa que o venres ao medio día avisannos de que a nosa baixa non sería efectiva, prorrogando o contrato ata fin de mes. Dinnos que nos reincorporaremos o luns, mentres tanto suponse que estamos a librar.

Durante o fin de semana, e sobre todo o domingo, a situación dos incendios forestais en Galicia vólvese catastrófica, con centos de focos simultáneos (moitos deles en nivel dous, con perigo para casas e persoas) sobre todo en Ourense e Pontevedra. Eu, e supoño que outros moitos coma min, estabamos nas nosas casas alucinando mentres mirabamos o móbil en espera dunha chamada que nunca chegou que adiantara a nosa incorporación ao servizo. Creo falar por case todos os meus compañeiros ao afirmar que nos houbéramos incorporado de forma inmediata e voluntaria en canto nos chamaran. Só tiñan que devolvernos o equipo e os vehículos que entregáramos poucos días antes polo fin da campaña máis tarde prorrogado.

Apunto estiven de baixar pola miña conta a carretar baldes de auga coma un máis a Pontevedra, pero preferín esperar estupidamente a que me chamasen para incorporarme como bombeiro forestal e realizar así un servizo maior. Foi unha mala decisión. Quedei esperando. A xente morrendo mentres profesionais con máis dunha década de experiencia e centos de lumes ás costas languidecíamos fronte ao móbil á espera dunha chamada que nunca chegou. E o meu caso non foi illado, ata onde eu sei todos os compañeiros da miña empresa na provincia estaban en idéntica situación, non sei como sería en Ourense ou Pontevedra.

Unha pequena aclaración ao fío dos comentarios repetidos por presentadores, tertulianos, locutores e opinólogos en medios informativos de todo tipo que focalizan nos brigadistas as sospeitas de autoría dos incendios: o dispositivo estaba reactivado, xa nos ampliaron os contratos ata fin de mes (outra cousa é que absurdamente non nos reincorporasen efectivamente ao servizo). Non ten ningún sentido prender lume para conseguir traballo cando xa estas contratado e cobrando... e aínda por riba rascando a barriga na casa!

Agora algunha reflexión sobre a vaga de lumes: Por que tantos incendios de vez en tan pouco tempo? Porque se pode. Porque as condicións atmosféricas permíteno e propíciano. Porque a alta temperatura, a escasa humidade do ambiente e a elevada velocidade do vento así o permiten.

Xente disposta a queimar haina sempre, o caso é que normalmente, por moito que o intenten, non poden errar este tipo de situacións de emerxencia. Normalmente o dispositivo bástase para controlar inmediatamente calquera incendio forestal sen que teña consecuencias catastróficas. Pero cando se xuntan certos factores ambientais os incendios prenden como a isca, corren e reproducense sen posibilidade de ser controlados a tempo e posibilitan este tipo de situacións. Isto sábeno os que queren prender os nosos montes, xa sexa por intereses escuros, por estar tolos como cabras ou por foder ao veciño ou á comunidade de montes, e chegado o momento saen todos á vez con idéntica intención de torrar a natureza. O vento fai o resto, diseminando as faíscas e reproducindo cada foco a quilómetros de distancia. Fillos de puta dispostos a queimar o monte hainos sempre, o tema é que teñan as condicións adecuadas para converter Galicia nun inferno.

Porque outro dos mantras repetidos polos medios é o de que se trata de incendios intencionados. Por suposto que se trata de incendios provocados. SEMPRE se trata de incendios intencionados. Ou polo menos en dúas terceiras partes do total dos incendios en Galicia. A única causa natural de incendio é o raio, o resto están provocados dun modo ou outro pola acción do ser humano. Nunha terceira parte (máis ou menos) trátase de imprudencias, sobre todo queimas de restrollos que se escapan, aínda que tamén faíscas de maquina-

ria ou barbacoas mal vixiadas. Pero o resto, a inmensa maioría, son claramente malintencionados. Deixemos xa de falar dos incendios provocados coma se fosen raras excepcións e asumamos que se o monte arde é por unha vontade malsán (xa sexa por intereses económicos, por maldade, por tolemia ou por estupidez).

Agora tócame falar das causas, e aquí a cousa xa se me fai máis complicada. Lamentablemente despois de máis de dez anos non o vexo de forma tan sinxela como cando entrei, que cría que todo eran intereses empresariais e recualificacións urbanísticas. Agora vexo moitas máis causas probables en moitos dos lumes que arrasan os nosos montes. Mesmo en moitos non vexo ningunha explicación racional máis aló de que a xente está pirada.

É certo que desde o 2015 se poden recualificar outra vez terreos queimados, pero non é tan sinxelo, require de certos procedementos que na práctica non están a ser utilizados, así que iso como moito podería explicar unha moi pequena parte dos lumes rexistrados. Os madeireiros tamén poden sacar cacho da compra da madeira queimada, debido a que eles pódena vender practicamente ao mesmo prezo para pasta de papel (ENCE), sempre que a corten rápido, mentres que ao particular ofértanlle prezos ridículos pola curta de bosques queimados. Pero o propietario da madeira queimada pode elixir entre moitos madeireiros distintos, así que non é tan sinxelo para estes empresarios saber que serán eles os

beneficiados de que un bosque arda. Limpar leiras, xerar pastos para o gando ou simplemente foder ao veciño son tamén razóns moi comúns para a aparición de lumes intencionados. Menos se fala doutros posibles beneficiarios da queima dos nosos bosques, como subcontratas de reposición de cables de alta tensión ou empresas que obterán beneficios da xestión e rexeneración dos bosques queimados: EULEN ou TRAGSA, por poñer só uns exemplos, pero tamén todas as pequenas empresas que poidan ser subcontratadas por elas para fornecer cuadrillas, equipo e maquinaria.

Por ultimo quero falar de quen leva a parte do león do orzamento asignado aos incendios forestais: os medios aéreos. Tanto os avións como os helicópteros empregados na extinción son alugados a empresas privadas que ofertan aeronaves coa súa dotación de mecánicos e pilotos. En Galicia adoita ser INAER. Eles son os que absorben a maioría do orzamento destinado á extinción, cobrando cantidades astronómicas por cada hora de voo. Tamén negocian anualmente o número de avións e helicópteros contratados, que curiosamente este ano descendera con respecto ao anterior. Ningunha proba aválame para acusalos de estar detrás dos lumes, con todo serían uns claros beneficiarios, debido a que cantos máis incendios e máis alarma social haxa, máis orzamento fagocitarán nos anos sucesivos. Mentres que unha redución do número de lumes sería para eles

unha baixada segura en encomendas futuras. Cando apagar lumes é un negocio, acendelos convértese na primeira parte do mesmo negocio. Non podo afirmar que eles estean detrás das sucesivas vagas de lumes (aínda que as recorrentes noticias que remiten a artefactos incendiarios caídos en paracaídas indiquen nesa dirección) pero do que estou seguro é de que se o prender lume é rendible para certas empresas, tarde ou cedo acabarán por deixar as consideracións morais a un lado para favorecer o interese do seu negocio. Á fin e ao cabo esa é a única lóxica do capitalismo.

E aínda que non sexa a causa directa, non podo deixar de falar das causas indirectas, como a nula política de prevención ou a nefasta xestión dos nosos montes, coa implantación do uso do monte como recurso madeireiro, favorecendo os intereses das pasteiras como ENCE e o monocultivo case absoluto do eucalipto nas provincias costeiras. Porque por moito que digan os empresarios ma-

deiros que o eucalipto supón unha mínima parte do monte queimado, a miña particular experiencia en centos de lumes apunta absolutamente na dirección contraria. Ademais a política preventiva e case inexistente, e se hai uns anos aínda nos contrataban aos brigadistas no inverno con esta finalidade, ultimamente pasamos nove meses no paro a espera da seguinte campaña.

E aquí queda a miña opinión, que sen pretender sentar cátedra, e simplemente a de un máis dos que traballan no lume. Un máis dos que traballan no lume que atópase sorprendido e desmoralizado por ver arder Galicia dende a televisión, sentindo a impotencia de saber que podería estar traballando e sen comprender aínda a razón de por que non nos chamaron.

Un dos do lume

Artigo publicado no portal web airmandadedacosta.info





ORGULHO DE POVO, VERGONHA DE GOVERNO!

Quando ontem baixava pelas ruas caminho da praça compostelana do Toural dirigindo os meus passos à convocatória do protesto pola nefasta política florestal do governinho galego e a vaga de incêndios que assolam Galiza ano trás ano; veu-me à mente a imensa quantidade de imagens nas que se vê a gente do povo lutando contra enormes lapas em situação de grave risco; lembrárom-me a atitude da gente do mar quando chegaram as primeiras ondatas de **chapapote do Prestige** às nossas rias; quando chorando de raiva e à desesperada quitavam do mar, valendo-se só das suas maos enguantadas, grandes quantidades do mortal veneno entanto que os nossos governantes tentavam manipular a realidade fazendo declarações escandalosas:

— *“Probablemente el fuel no toque la costa gallega”* (Arsenio Fernández de Mesa, na altura Delegado do Governo espanhol na Galiza baixo mandado de Aznar. Depois seria premiado co cargo de diretor geral da Guarda Civil quando assassinaram 15 pessoas na praia ceutí de Tarajal e agasalhado deste ano cumha porta giratória coma conselheiro de Red Eléctrica).

— *“Ya ha pasado el peligro más grave”* (Manuel Fraga, Presidente do governinho galego).

— *“Las playas están limpias y esplendorosas y el marisco está allí extraordinario”* (Federico Trillo-Figueroa y Martínez-Conde, quem depois berraria “Viva Honduras” estando em El Salvador, seria responsável do acidente do Yakolev e remataria a sua “tourné” sendo embaixador em London sem ter nem papa de inglês)

E dentre todas recordava como especiais aquelas declarações de **Mariano Rajoy**, daquelas vice-presidente e portavoz do Executivo espanhol e ministro da Presidência que foi o encarregado de assumir a coordenação da gestom da crise: *“Salen unos pequeños hilitos, los que se han visto, hay en concreto cuatro regueros que se han solidificado con aspectos de plastilina en estiramiento vertical”*.

E assim caminhando rua abaixo e à medida que ia somando-me a um regueiro de gentes veu-me à mente, nom sei se por inspiração ou porque já o tinha escuitado nalgum ou-

tro momento da minha vida, a cantinela, a consigna, que colguei como cabeçalho desta entrada e que penso que reflete mui bem o sentimento da gente galega diante desta nova catástrofe ecológica que nos assola e que nos enraiva como povo contra das nossas patéticas governantes: **ORGULHO DE POVO, VERGONHA DE GOVERNO!**

E assim que me fum achegando ao Toural iam-se apoderando de mim umhas ganas imensas de quitar da minha vida para sempre a essa panda de semvergonças que nos governam; mas nom para ponher no seu lugar uns outros que fagham o mesminho (nada) mas cum sorriso hipócrita no seu rosto de impotência (o bipartido tivera como responsável de Meio Rural o membro fundador do BNG e do seu sindicato ING, **Alfredo Suárez Canal**, e durante seu mandato nom mudara absolutamente nada a política florestal e fora quando se produziram as primeiras 4 mortes por lumes e mesmo num seu informe feito em conjunto co PSOE seguiram coa teima da tese dumha suposta organizaçom delitiva que provocava os lumes); senom para berrar bem alto que **O POVO UNIDO FUNCIONA SEM PARTIDOS!!** Além quando o bipartido chegou ao poder no parlamentinho, **o primeirinho que figera o BNG foi dar ordem de desmontar ipso facto a Plataforma “Nunca Más”** e tratar à pouca gente que seguiu organizada para defender a nossa terra dos abusos do poder na plataforma **“Galiza Nom Se Vende”** (ontem tamém foi um berro unânime: **Feijoo Atende Galiza Nom Se Vende**)

como pouco menos que terroristas (igualinho a como fai o PP); se bem graças a essa gente que nom se deixou enganar coas vagas promessas de câmbio e às vizinhas das zonas mais afetadas, foi que depois puideram parar-se projetos fatais para nossa terra como a **mineira de Corcoesto** ou as intençons de montar umha **incineradora do lixo no Irijo**.

A verdade é que se saim da casa confiado em que puidera haver algunha gentinha na concentraçom, mas quando me fum achegando ao final das Orfas fazia-se patente que havia muita, muitíssima, e **volveu-me à mente as mobilizaçons do Prestige e latejou com força o meu sentimento de orgulho de povo**.

A inicial convocatória de concentraçom desbordava por todas partes a praça do Toural e deveu numha numerosa manifestaçom que percorreu o seu caminho entre cânticos de protesto e de raiva, quando me decidim a berrar por vez primeira **ORGULHO DE POVO, VERGONHA DE GOVERNO!** Ia acompanhado de duas boas compas e arrodeadas de gente muito mais moça do que nós que me devolvêrom a confiança nas novas geraçons e que de imediato **se somárom ao meu berro e coreárom entusiastas e foi-se espalhando por diante e por detrás**. Nom volvim fazê-lo e pensei que esmorecera como tantas outras consignas, mas ao rematar os discursos voltou soar no fundo da praça e **o berro foi-se fazendo unânime**. Nom negarei que sentim certa satisfaçom, mas nom

por meu ego, que nom importa nada; senom por **comprovar que é um sentimento certo, que umha vez mais, como foi no Prestige, o povo saiu às ruas nom para choromicar pola desfeita, nom só por manifestar a nossa dor polas mortes de quatro vizinhas** (isso só o fam as hipócritas que governam as instituições capitalistas; por certo, ontem errei ao pensar que Rajoy nom ia vir chorar essas mortes; se bem mais que nada veu somar-se à teoria do governinho dos terroristas organizados); **senom para amossar a nossa raiva contra os nossos governantes e governantinhos e sinalá-los como responsáveis da situação criada.**

SE BUSCADES CULPÁVEIS, MIRAI-VOS NUM ESPELHO

Esta foi a outra lenda que me veu à minha cabecinha caminho do protesto, mas nom a soltei. Dito isto e pese a que **sei bem quem é realmente o meu inimigo**, nom posso deixar de comentar que eu e as minhas compas de passeata negamo-nos a **seguir-lhe o jogo às oportunistas que berravam a já clássica: *A culpa de quem é? dos que votam ao PP!!*** Polo dito antes com o do bipartido (e na altura mareantes e anovistas formavam parte do BNG) e porque é provável que muita da gente que sofreu as lapa seja votante do PP e nom penso que seja de recibo culpabilizá-las de tais tragédias e porque como deixamos cair em baixinho, **a culpa tamém é de quem vota PSOE e BNG e...; de feito algumha rapaza avispada que nos escuitou optou por resu-**

mir a consigna em *A culpa de quem é? Das que votam!!*

E nom é por volver ao assunto da comparativa co Prestige, mas tem sua razom de ser tal, porque ao igual que por entom, estou convencido de que **muita gente saiu a manifestar a sua raiva nas ruas polas declaraçons das i-responsáveis da gestom desta vaga de lumes e polas graves mentiras coas que pretendem manipular.** Assim é como podó qualificar as declaraçons da conselheira do Rural (a incompetente na matéria) **Ángeles Vázquez Mejuto numha televisom privativa negando a finalizaçom do contrato de case 500 efetivos das brigadas antilume que fôrom despedidos poucos dias antes desta desfeita; ou a falta total de informaçom dos incêndios que houve desde o início do vrão** (parece que nom houvera!! e houve um feixe deles como cada vrão) e a **intençom de criar no imaginário do povo a ideia de que todos os lumes do domingo prenderam nessa noite e foram causados por um grupo terrorista com ânimo de matar** (negando que algum dos focos que depois causou mortes já estavam ativos dias antes e nom mobilizaram efetivos avondo para sufocá-los).

Isso por nom entrar a falar da **nula capacidade de atuaçom dos efetivos da UME**, que se bem sabem posar mui bem para a imprensa e as televisons, nom tenhem nengumha capacidade de resposta porque tenhem mais medo ao lume que quando os mandam de missom humanitária a matar

inocentes em países alonjados. A tal efeito recolho as palavras que deitou numha rede social Carmen Carmiña: *“Din que xa están en Galicia 700 membros da Unidade Militar de Emerxencias (UME). Eu vin un camión da UME onte e non sabían onde estaban. Non apagan lumes, e aínda menos poden coordinar se non coñecen o terreo no que se moven...”*

Nom vou seguir o jogo de buscar pirómanos a quem culpar; mas já postos, caberia analisar a **nula política preventiva**, quando se sabia com tempo que a situação climática previa temperaturas elevadas, pouca humidade e muitíssimo vento numha situação de seca sem parangom na nossa história (depois de meses sem chover). Numhas situaçõs similares (mas sem furacam algum à vista) **os Cabildos insulares de La Palma e Tenerife**, em 22 de agosto deste ano, **suspenderam a tempada de caça** diante do panorama climático que se previa e mesmo **proibiram o uso de qualquer veículo ou ferramenta que solte faíscas** e que puidera provocar grandes lumes. Pois na Galiza nom tal, e ainda mais **foi justo este domingo quando começou o período hábil de caça** aprovado pola Direção Geral de Património Natural; a tal efeito minhas compas de máni certificárom que o domingo cedo de manhã já andavam os caçadores a tiros polo monte; depois tirárom desde a Federação de caça galega um comunicado no que se lamentam de nom poderem estar a tiros cos animais por culpa da vaga de lumes e que muitos deles, *“amantes da natureza”* estivêrom nas tarefas de combate do lume.

Como conta David Outeiro numha rede social: *“A semana pasada estaba a traballar de chefe de brigada de incêndios e agora estou vendo como arde Galiza desde a casa ao igual que centos de efectivos que o dia 12 rematamos o contrato. Estou vendo uma situação que era prevista desde faz dias, pois as estimaciones meteorológicas falavam de vento, calor e tempo seco (três factores favoráveis para os incêndios). E estou vendo como todos os anos a um governo incompetente para o que as brigadas de incêndios só somos uma ferramenta para apagar algum lume e fazer o “paripé” de todos os anos. A nossa terra merece algo melhor, eles tenhem outras prioridades e intereses”*.

Poderia seguir escrevendo até ter maniotas nos meus dedos, do brigadista detido (umha andorinha só nom fai vrão) e da intencionalidade do governo de dirigir as miradas a este coletivo (as brigadistas nom cobram por lume apagado, é estúpido pensar que prefiram jogar-se a vida a estar tranquilas nas vigias quando ao final de mês vam cobrar o mesminho) ou das mentiras que contam ao respeito da lei de montes que permite a requalificação dos terrenos; mas vou deixá-lo por agora, só remato igual que comecei:

**ORGULHO DE POVO,
VERGONHA DE GOVERNO!**


O gajeiro na gavea

*Artigo publicado no seu blogue
ogajeironagavea.wordpress.com*


COPEL:

UNA HISTORIA DE REBELDÍA Y DIGNIDAD

Cuando toda España brindaba por la supuesta llegada de la democracia, cientos de presos tuvieron que organizarse, con gran coraje y determinación, para luchar por la libertad



Próxima estreia na Galiza!



DVD que retrata em profundidade a luita da COPEL. Através de umha cuidada seleçom de material gráfico e documental podemos visionar em imagens o que os autores transmitem com as suas palavras.

Uma perspetiva imprescindível para quem tiver interesse em comprender a luita das pessoas presas.

Un documental realitzat per ex-presos socials de la Cordinadora de Presos En Lucha (COPEL)



METROMUSTER



Presxs COPEL





Umha olhada a
Catalunha



O teu silêncio é cumplicidade

Muitas vezes cantamos em coro canções e cânticos que diziam isso do silêncio cúmplice, e eu nom vou ser cúmplice do poder. Portanto, vou verquer a minha opiniom ao respeito do que está a suceder estes dias em Catalunya.

Estes dias o Estado Espanhol mostrou a cara mais autoritária, feroz e ditatorial que todo Estado guarda na sua recâmara e confronta-se-lhe falando de democracia quando deveria de quedar-nos bem claro que toda forma de Estado e poder mantem-se através do medo, a violência e a imposiçom. Portanto, estão a mostrar a cara menos amável da sua democrácia, mas democrácia à fim e ao cabo.

A luta pola liberdade é algo que se pratica as 24 horas do dia e alá por onde pisemos, mas estes dias fai-se imprescindível ter presença na rua, entendendo que é complicado poder fazê-lo com um discurso próprio que nom alimente nengumha forma de Poder.

A pesar de pensar que o nacionalismo é um grave problema, reconheço, por controvertida que poda semelhar esta afirmaçom, que um sentimento independentista catalám e um nacionalismo espanhol, mália serem

nacionalismos ambos os dous, nom surgem do mesmo lugar e há que ser sinceros nisso.

Espanha como conceito é umha imposiçom sociocultural e política que leva séculos aniquilando a liberdade e a cultura de diversos povos e é histórico no anarquismo o feito de que se deve defender a liberdade dos povos para decidir o seu próprio devir, o direito à sua autodeterminaçom.

A cousa é que quando um nacionalista fala de ‘povo’ está a falar de ‘naçom’ e quando eu falo de ‘povo’ falo de ‘classe’. Portanto, o conceito transversal e interclassista que de ‘povo’ tem o nacionalismo dificilmente pode reconciliar-se com o conceito que eu tenho.

Estamos de acordo em que Catalunya é um povo oprimido, do mesmo jeito que tantos outros, por umha naçom imperialista/colonialista inventada, ou melhor dito criada, e imposta por diversos interesses políticos, económicos e religiosos.

Mas nom esqueçamos que a história de Catalunya como naçom também esta cheia de episódios colonialistas e de conquistas de territórios a san-

gue e lume, especialmente por parte da vangloriada figura de Jaume I, rei da coroa de Aragom, discípulo direto de Simon de Monfort, máxima autoridade da Inquisiçom no século XIII.

Com isto quero dizer que quem queira pelejar pola independência de Catalunya nom vai atopar na minha um inimigo, mas tampouco um aliado (ainda que a ideia de desmembrar a unidade de Espanha me resulte enormemente atrativa). Nom vou pelejar à beira da direita burguesa e conservadora, mais movida por interesses económicos do que qualquer outra cousa, que neste momento é quem maneja as rendas deste processo independentista, mas acho que os feitos que estão a suceder estes dias, esta perseguiçom, repressom, censura e imposiçom, já transcendeu o ‘nacional’ e converteu-se numha questom de classe.

Portanto, agora temos a difícil labor de sair à rua com o nosso próprio discurso para fazer frente à repressom do estado espanhol sem alimentar a burguesia catalá.

Eu nom quero um Estado novo, nom quero os governantes, os seus meios de intoxicaçom de massas (tv3...) que nom duvidam em reproduzir a voz policial quando há detençoms de anarquistas, e sacar a sua propaganda para chamar-nos terroristas, nom lhes quero, mas se há que rematar com elxs quero que sejamos nós, o povo, quem se cansou de elas e quiere viver num modelo social libertário e autogerido e nom porque um estado imperialista

veu pisar com a sua bota aquelas que fam tremer a sua hegemonia.

Acontece algo semelhante a quando saímos defender a sanidade e a educaçom públicas. Em pleno sistema capitalista vivemos umha sanidade medicalizadora, patologizadora, que serve mais aos interesses da indústria farmacéutica do que ao bem comum. Umha educaçom pública, adoutrinadora, que aniquila a curiosidade e as capacidades de aprendizagem das criaturas e assassina o seu potencial encasulando-os num programa e obrigando-os a memorizar uns conteúdos que há que vomitar num exame, o qual che considerará apto ou nom apto para ser um escravo do manhã.

Pésie a todo, essa sanidade e essa educaçom públicas som conquistas sociais, reformistas, sim, mas conquistas à fim e ao cabo, e se há que rematar com elas remataremos nós porque encontraremos formas de combater as patologias que respeitem os nossos desejos e processos e porque criaremos umha pedagogia que acompanhará as crianças nos seus processos de aprendizagem e a potenciar as suas inquiredanças. Essa é a unica forma de destruir as conquistas sociais, que sejamos nós quem as substituamos por cousas melhores e nom porque o Poder destrua os nossos direitos polo seu próprio lucro económico.


Com isto quero dizer, e já remato, que eu nom vou defender umha Naçom mas sim um povo, e a mim a atuaçom do Estado Espanhol inter-

pela-me como povo, interpela-me como libertário e na medida das minhas possibilidades vou estar pelejando contra eles.

E umha possível independência de Catalunya nom vai trazer a fim do estado, do patriarcado, das desigualdades sociais, por isso seja qual for o resultado de um possível referendo, berraremos mais umha vez que a luita está nas ruas e nom nas urnas e que a luita pola liberdade deve ser diária e a degolo até que todas e cada umha de nós sejamos livres.

Contra Toda Autoridade, pola Anarquia!

Kronstadt





Posicionamento da Federação Anarquista de Catalunha sobre o referendun do 1 de Outubro

Os mecanismos para participar nas decisons colectivas deste sistema político impedem um posicionamento decisivo dos indivíduos. A delegaçom das decisons a representantes empurrou-nos a frustraçom atual de ver-nos limitadas a realizar posicionamentos simbólicos. Os órgaos da gram maioria das administraçoms públicas e empresas privadas decidem unilateralmente e ignoram e até proíbem o posicionamento ou as consultas populares.

Podemos cambiar estes mecanismos de decisom. Podemo-nos organizar de forma horizontal e decidir cada dia cousas que nos implicam a todas. Necessitamos um interesse unânime para decidir a maneira em que nos temos que organizar social, laboral e politicamente. A nossa implicaçom em decisons ou luitas laborais, sociais, políticas, ecologistas, etc, converte-nos em responsáveis das nossas vidas. Som, pois, processos, experiências, transmissons, o que torna os indivíduos em capazes de entender a sua responsabilidade para decidir como seria a forma ótima de organizar-nos.

Os referenduns som umha forma de fazer efetiva a decisom direta de muitas pessoas sobre aspetos concretos. Os movimentos sociais organizárom referenduns populares que as administraçoms nunca dérom coma válidos. A convocatória dum referendun agora, para decidir a continuaçom ou independência do território administrativo da Catalunha no Estado espanhol está a provocar um conflito entre administraçoms. Ademais está-se a converter numha estratégia que certos partidos políticos utilizam para converterem-se em mártires dumha causa nobre e apagar ou desculpar a corrupçom ou todas as medidas impopulares.

O descontentamento pola constituíçom do 78, o percorrido repressivo da cultura catalá e a luita dos movimentos que defendem a autodeterminaçom é a evidência do conflito que a nós nos interessa.

Desde a Federação Anarquista da Catalunha manifestamos o nosso apoio ao referendun do 1 de Outubro já que a autodeterminaçom dos

povos forma parte da autogestom e autoorganizaçom.

Ainda que esteja organizado pola administraçom da Catalunha entendemos que resposta a umha necessidade real de interesse para muitas pessoas, ademais de possibilitar um processo destituente e organizativo nom continuista.

Criticamos as margens impostas na participaçom deste referendun. Opomo-nos aos limites administrativos da Catalunha, já que há aspetos comuns com outras regions próximas por motivos de acidentes geográficos ou por relaçons quotidianas. Também ficam excluídas pessoas menores de 18 anos e as que nom temhem os papéis em regra.

Em relaçom à pergunta proposta, pensamos que a independência (social, laboral ou nacional) nom é depender dum “Estado”, nem de entidades financeiras, nem de nengumha empresa privada, se nom que é a toma de decisons desde abaixo, ao margem de instituiçons administrativas, de partidos políticos ou de sindicatos amarelos para conquistar a gestom do nosso trabalho e da nossa vida. Rejeitamos a criaçom dum Estado catalám, já que criticamos a ineficácia democrática na organizaçom dentro dum “Estado”, já seja pela divisom do território sem ter em conta as realidades locais, como pelo centralismo, seja de Barcelona ou de Madrid. Rejeitamos também a criaçom dumha República, apesar das vantagens em relaçom com a situaçom

actual. Entendemos que a República vai ser continuista com o sistema económico. Se o que se procura com a criaçom dum novo “Estado republicano” é maior justiça e igualdade, o modelo neoliberal que defende umha grande parte do movimento independentista leva a Catalunha a umha situaçom económica mui similar à atual. Nom queremos isto. Nós queremos um processo destituente do poder vigente e um processo de participaçom colectivo que leve cara a participaçom total da populaçom nas decisons ótimas para estabelecer formas de organizaçom social e laboral que blindem órgaos horizontais e assembleares de decisom.

Achamos que é difícil entender umha organizaçom social que nom esteja blindada por um estado republicano mas é um repto que temos que enfrentar juntas se queremos ser totalmente livres e independentes. Na atualidade atopamos exemplos deste tipo de organizaçom, coma o municipalismo libertário, as comunas livres ou o confederalismo democrático. Também na história da Catalunha aparecem exemplos dumha organizaçom social emancipadora como foi o comunismo libertário e durante a Revoluçom Social do 36.

Federaçom Anarquista da Catalunha.



Os nossos corpos presos na batalha

(Na guerra que se iniciou entre Espanha e Catalunya parece que todo vale. Instrumentalizar a violência sexual, evidentemente, também. Preocupa-me que umha alcaidessa ou um alcaide poda ser perseguido pola justiça por ter denunciado a violência sexual que sofrerom as suas concidadás.)

Escrevo este artigo bastante esgotada em muitos sentidos, com as ideias desordenadas e a cabeça aborrecida por muitos dias de remoinho emocional. Escrevo por umha questom concreta, preocupada de que as feministas de Catalunya nom podamos atendê-la com todas as urgências que vivemos estas semanas. Por isso escrevo, e fago-o aqui, para **pedir-vos às demais que lhe sigades a pista ao tema e para deixá-lo, eu pessoalmente e sem estar falando em nome de ninguém, nas vossas mans.**

Em Catalunya agora vivemos num espaço e tempo próprios, numha espiral **emocional intensíssima onde muitas de nós nom sabemos já nem o que sentimos.** Algo que vai muito mais alá do que pensamos e que demonstra o inútil que é o binarismo para conter a complexidade da existência. Um momento de escalada sem freio onde a cada instante aparece algo novo e tam urgente e despro-

porcionado como o sucedido no momento anterior, e onde dificilmente temos tempo para responder.

O domingo, durante a celebraçom do *referéndum* pola independência, começou a circular um áudio por *whatsapp* no que umha mulher explicava chorando a agressom que sofrera por parte das forças de seguridade, que incluía tocamentos. Sinceramente, a estas alturas do filme e da minha vida nom vou cair na parvada de aclarar que forças fôrom: o que define a agressom nom é que foram polícias nacionais ou *mossos d'esquadra*, senom o facto de que **eram homens uniformizados e enchidos de poder e desprezo cara nós.** Ao largo do dia estas histórias fôrom repetindo-se, pero nom som histórias únicas desse dia: som umha vez mais a constataçom de que os nossos corpos violáveis som campos de batalha e som um elemento chave nas guerras que estamos livrando... ou que estám a livrar através de nós.

As mulheres, desde sempre, somos consideradas a encarnaçom da pátria, da terra, e ambas, a terra e as mulheres, somos consideradas propriedade dos homens: **violar-nos e violentar-nos sexualmente** fai parte da guerra duns homens contra outros

homens, que se atacam entre eles através do corpo das 'suas' mulheres, numha metáfora da possessom da terra mesma. A violência sexual contra nós também é umha forma de aclarar-nos que o espaço público nom é o nosso lugar. Mais ainda em contextos históricos onde as normas de género se exacerbam e a masculinidade guerreira (essa que agora já sabe chorar enquanto segue dando paus) se impom em todos os âmbitos.

Em todas estas voltas de porca que está dando o presente em Catalunya, há uns dias acordámos com umha nova: a alcaidessa de Barcelona, **Ada Colau**, denunciou em declaraçons públicas os abusos sexuais por parte das Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado durante o 1 de Outubro, e o Ministerio del Interior trasladou à Fiscalía estas declaraçons por se fossem constitutivas de delito de injúrias.

A denunciante por violência machista que acaba sendo denunciada é, desgraçadamente, um clássico. O acosso e derrube que implica umha denúncia mediática, como o que sofreu Marta Torrecillas por aquele *whatsapp*, é umha das maneiras mais claras de advertir-nos sobre o altíssimo prezo a pagar por falar em voz alta do que nos está a suceder, colectivamente, aos corpos violáveis. Quando em estes mesmos corpos se cruzam as interseçons de raça, as violências administrativas por questons de residência, e a classe, o resultado é simplesmente assustador, e a vulnerabilidade e desprotecçom também.

Na guerra que se iniciou entre Espanha e Catalunya parece que todo vale. Instrumentalizar a violência sexual, evidentemente, também. Porque os nossos corpos, sabemos-lo bem, som um campo de batalha. Este caso va-se explicar como parte dumha batalha institucional. Talvez lo seja também, nom é o que mais me preocupa. Preocupa-me que umha alcaidessa ou um alcaide poda ser perseguido pola justiça por ter denunciado a violência sexual que sofrerom as suas concidadás.

Sempre crim, como feminista, que há momentos e cousas que passam por riba dos conflitos e as diferenças. Momentos que nos permitem cuidar-nos colectivamente e mostrar, mostrar-nos, que **somos rede apesar das fendas e as contingências.** Vivi-no quando recebo ameaças de grupos fascistas e pessoas com as que tenho grandes diferenças políticas e incluso pessoais me escrevem para dizer-me que estão aí para o que necessite. Essa é para mim a dignidade do sujeito político, com esse gesto mido eu a sua grandeza, mais alá da sua ideologia. Isso é o que para mim dá sentido à ideia dum mundo distinto e melhor. Nom sei se pensaredes que este tema merece atençom ou é transcendente para todas. Mas eu **alegro-me de poder sentir que o deixo nas vossas mans e que podó estar tranquila deixando-me cair no vosso critério, seja qual seja.** Obrigada por existirdes.

Brigitte Vasallo

Artigo publicado no magazine online Pikara



Que drogas lhes derom??

Ao respeito da violência policial em Catalunya

É sabido por qualquer pessoa com algo de curiosidade histórica que a palavra “assassino” provém do vocábulo árabe *ḥaššāšīn* que significa “fumadores de haxixe”. Um termo despectivo que empregavam os seus inimigos para se referir aos guerreiros (uns poucos, mas mui fiéis e bem adestrados) do exército de Hasan I Sabbah, alcunhado Alauddin ou O Velho da Montanha, chefe militar e religioso dumha seita minoritária do xiismo ubicada no norte do Irám quem, lá por finais do século XI e primeiros do XII, enviava os seus homes em missons suicidas a destronar quantos se opuseram a ele, tanto fossem emires, governantes de cidades, comandantes de fortalezas ou religiosos notórios que, quando se negavam a seguir suas indicaçõs, recebiam umha ameaça de morte.

Contam as lendas (trazidas a Europa por Marco Polo) que os seus soldados estavam baixo os efeitos do haxixe quando cometiam estes seus esquisitos assassinatos. Quando O Velho da Montanha ordenava umha execuçom a um seu *ḥaššāšīn*, este partia tam só com um seu punhal e mais umha saca de haxixe para a

viagem. Eram guerreiros sigilosos, minuciosos e pacientes de tal magnitude que nom era raro que se passaram vários anos até que cumpriam sua missom. Como os melhores depredadores animais achegavam-se a modinho à sua vítima, estudavam o seu comportamento e até se convertiam nos seus servos para poder sacar-lhes informaçom vital denantes de matá-los.

Outras lendas de mais ao norte do mundo, falam de que as “tropas de choque” das cortes reais e da nobreza viquingue, os Berserkers, adoradores de Ódin, comiam cogumelos alucinógenos e em estado de transe infundiam medo entre quem se cruzavam com eles. Eram quem de fazer cousas que os humanos normais nom podiam e conta-se que atacavam feitos umha fúria que começava com calafrios, rechinar de dentes e umha cor púrpura nos seus rostos e culminava com umha grande raiva incontrolável que acompanhavam de grunhidos e ouveios denantes de se lançar à batalha, ferindo, mutilando e matando indiscriminadamente todo quanto estava ao seu passo.

Segundo contam as lendas, eram indestrutíveis e nenhuma arma podia sacá-los do transe. O historiador e poeta islandês Snorri Sturluson (1179-1241) conta que “atacavam sem armadura, eram tam tolos como cans ou lobos, mordiam seus escudos e eram fortes como ursos ou bois selvagens, matavam gente dum golpe, e nom lhes podia vencer nem o lume nem o ferro”.

Mais recente, o historiador polaco Lukasz Kamienski, autor do livro *Shooting Up: A History of Drugs in Warfare* (Disparando: A História das drogas nas guerras), descreve como os militares dos EUA dobraram sua velocidade com esteroides e analgésicos para “ajudá-los a lidar com o combate prolongado” durante a Guerra do Vietname e demonstra que desde que existem as guerras, homes e mulheres valêrom-se de distintas drogas para potenciar as suas capacidades de combate. Guerreiros incas mascando folhas de coca, soldados da Guerra de Secessom dos USA, aditos à morfina, ou a Wehrmacht hitleiriana, que iam bem postos de speed.

Em todas as guerras usárom-se e usam-se drogas para converter os soldados em máquinas de matar. Kamienski opina que “as provas antropológicas demonstram que humanos nom somos de natureza bélica” e engade que “é mui difícil cruzar essa linha que nos impede matar outras pessoas. A questom é converter um civil num soldado que seja quem de assassinar sem sofrer consequências psicológicas notáveis”.

Dito tudo isto e depois de visionar ontem as imagens da brutalidade policial contra pacíficas participantes do referendom catalám, entra-me a dúvida de saber que tipo de droga “lhe meterom no cola-cao” a picolos e maderos. É quanto podom dizer trás ver como enraivados tratavam de superar como fosse um valo metálico e caiam cabeça abaixo; ou como vários lançavam ao ar a manifestantes qual Asterix fai cos legionários romanos trás tomar um grolom da poçom mágica (sem dúvida umha outra droga). Claro está que recebêrom ordens de atuar com sanha e sem piedade contra pacíficas votantes que nom davam creto a tamanhas expressons de violência policial. Houvo quem declarou que o que mais medo lhe dera das polícias foram as suas miradas. Além e dado que muitas das vítimas portavam os seus telemóveis (todas queriam levar-se a foto do momento da sua votaçom) as imagens de tais atos violentos de alienados uniformados carregando sem miramentos contra anciás e menores, iam sendo recolhidas e espalhadas ao momento polas redes telemáticas com o que a maioria das participantes em tam singular plebiscito já tinham o medo metido no corpo mesmo denantes de ver assomar-se um lindo gatito. Em poucos lugares a gente respostou com valentia a tamanhas demonstraçons de violência policial e nesses contados casos que lhes figêrom fugir, provocou-lhes um efeito tolémia nos fugidos que disparavam encolezados balas de borracha aos corpos das manifestantes.

Nada de particular tem esta atuação das forças repressoras espanholas para quem, como mim, já sofreu nas suas carnes esses arrebatos em várias ocasiões ao longo da minha vida. Se bem merece um trato peculiar que, em troques do que vem sendo habitual, os objetivos a bater nom fomos anarquistas nem outras esquerdistas antisistema susceptíveis de ser tratadas como terroristas a olhos do povo democrático e bempensante; senom que, na sua maioria, foi esse povo -que aplaude como bobo um sistema que alarga as diferenças económicas e que ampara e vê bem a existência desses corpos represivos como reguladores das nossas vidas- quem sofreu desta volta os golpes e a violência policial polo simples feito de ir depositar umha papeleta numha urna eleitoral. Nom davam creto!! Igual a partir de agora quando o objetivo da repressom voltamos a ser as de sempre, poida que algumha demócrata que já sofreu nas suas próprias carnes tal brutalidade policial nom diga tam à ligeira 'Algo

fariam!!'; Mas acho que nom vai cair tal breba. A culpa foi toda da Espanha; em troques, nossa polícia, nossos mossos e mossas, molam maço.

Já como remate gostaria de saber por que ontem nom lhe deram a sua raçom de droga aos Mossos, com o que gostam nesta polícia de malhar na gente de jeito indiscriminado!! De feito desde que existem como tal (antes eram polícias nacionais espanhóis na Catalunya) acumulam numerosas sentenças condenatórias por torturas, lesons graves, detençons ilegais, violaçons de domicílios, contra a integridade moral e maus tratos, além de várias mortes por violência; casos denunciados polo Conselho da Europa, organismo que tacha de "lamentável" que trás as suas visitas às esquadras dos Mossos, ainda continuam a receber "constantes denúncias de maus tratos ás detidas". Ontem passaram à história como valedores do povo, mesmo como humanos que som quem de chorar na defesa dos seus.



Agora já está todo o peixe vendido e cada um dos agentes implicados já está a contar a feira tal qual foi-lhe nela.

A mim surpreendeu-me essa dualidade policial, na que as forças espanholas ficaram como más, malísimas e as catalãs como santinhos do céu independentista. A resposta a esta minha dúvida poida que esteja soprando no vento como canta Bob Dylan ou mais bem no refraneiro popular que di que ninguém “morde a mao que lhe dá de comer” (segundo contam nos “mentideiros”, os Mossos cobram 700€ mais ao mês do que as polícias do Estado).

A resposta à minha interrogante do cabeçalho haverá que seguir espe-

rando-a até que, ao igual que fam com as desportistas competitivas, a polícia tenha que passar control antidoping prévio, se bem alguém di que alguém viu o iate de Marcial Dorado atracado no porto junto ao barco do Piolín; ou igual fum eu que o sonhei depois de fumar a minha dose de haxixe.

(*) A última imagem é recolhida do jornal francês “Le Soir” autoria de Pierre Kroll. A tradução do que di é a seguinte: “Um Domingo na Catalunya” – Denantes eu nom estava certo de se era independentista. Agora já sim

O gajeiro na gavea



A black and white photograph of a stone wall with a window and steps. The wall is constructed from large, roughly-hewn stones. A window with a grid pattern is visible on the left side. In the foreground, a set of stone steps leads up towards the wall. The lighting is dramatic, with strong shadows and highlights.

Vozes



Ateneo Anarquista Agustín Rueda

O ano pasado pensamos en converter unha leira de familia, abandonada desde fai un par de décadas, nun espazo de comunidade onde quen estea interesadx pode gozar principalmente dun arquivo/biblioteca, dun ximnasio e de terra que cultivar: falamos do Ateneo Anarquista Agustín Rueda.

Agustín Rueda é un anarquista que foi detido mentres estaba a pasar armas para loitar en contra dos fascistas. O 14 de marzo de 1978 foi asasinado a paus no cárcere de Carabanchel por negarse a dicir os nomes doutros presos que fixeron un túnel para fuxir. O Ateneo quere ser unha mensaxe e unha homenaxe a este loitador que segue vivo en todas as accións de resistencia, rebeldía e loita activa en contra de cada tipo de poder.

O Ateneo Anarquista Agustín Rueda, aínda en construción, é un proxecto de formación política e física onde será posible profundar nos coñecementos da historia do anarquismo internacional a través de libros, fanzines, proxeccións de películas/documentais, charlas, etc e adestrar-se aprendendo ferramentas de autodefensa e artes marciais: atópase en Vigo e inclúe un espazo interno

ademais de 1.200 metros cadrados de terra fértil onde xa experimentamos unha horta de verán.

Este Ateneo quere ser tamén un espazo acolledor para xs compañeirxs que, saídxs do talego, necesiten un tempo de «toma-terra», axuda, apoio ou, simplemente, necesitan gozar algo lonxe dunha sobredose de formigón e aceiro (que sexa un cárcere ou unha cidade). Acolleremos tamén a aqueles individuos que sufriron a represión ou seguen sufríndoa polas súas ideas e conviccións.

Importante, para nós, é dicir que o Ateneo non quere ser un lugar de caridade aberto a quen sexa (non somos nin asistentxs sociais nin educadorxs); por exemplo, xs compañeirxs recentemente postxs en liberdade serán individuos coñecidos polos seus percorridos carcerarios dignos (por suposto non falamos exclusivamente de anarquistas... as etiquetas non nos interesan); será un espazo libre de drogas, de actitudes machistas, racistas, fascistas, etc.

Desde hai un ano estamos a traballar no Ateneo: longuísimo traballo se pensamos que a casa sobrevivida á vexetación salvaxe non era nada

máis que catro paredes externas, un par de muros dun cuarto interno, un sótano recheo de auga de choiva, un tellado non terminado que deixaba entrar abundante auga.

Principalmente cunha incansable vontade, do escaso diñeiro dos nosos petos, da axuda económica duns compañeirxs, do pouco coñecemento de albañilería e da intermitente colaboración práctica por parte de compañeirxs solidarixs, ata o día de hoxe conseguimos illar case completamente o tellado (aínda falta bastante para garantir un illamento definitivo), facer desde cero un pequeno cuarto que será o Arquivo Banda Bonnot e comezar a traballar no cuarto destinado a nós (dentro duns días vai nacer a nosa nena). Hai que traballar moitísimo para construír o que falta:

o baño, a cociña, o salón grande / comedor común e o ximnasio.

Son benvidas todas as formas de solidariedade e apoio: ferramentas e material de construción, diñeiro, man de obra; libros (en varios idiomas), coñecementos/consellos, etc.

Seguir lembrando a Agustín Rueda (sen esquecer todxs xs demais rebeldes asasinadxs polos uniformados deste sistema liberticida) quere dicir seguir lembrando que quen o mataron continúan exercendo o seu profesional labor dentro das institucións carcerarias do Estado Español.

Un abrazo cargado de Rabia, Amor e Anarquía

Gabriel e Elisa.





Espólio e deportaçom: um fluxo ininterrompido

Desde que em setembro de 2013 arranca a nossa investigaçom dos operativos de deportaçom, foi aflorando progressivamente a atroz vinculaçom entre redadas racistas e dispositivos de expulsom, o carácter planificado e burocratizado de umha tarefa que, para os corpos policiais, converte-se em rotina: encher um aviom mediante verdadeiras caças de migrantes, perseguidxs em razom da sua nacionalidade. As brigadas de estrangeiria continuam funcionando, pois, por «objetivos», é dizer, quotas: a missom é encher cada aviom com a carga humana correspondente.

Se até há uns anos o ciclo de captura, encerramento e deportaçom era mais lento —a maioria dxs deportadxs passavam várias semanas (até um máximo de dous meses) internadxs num CIE antes da expulsom—, nos últimos tempos a maquinaria repressiva sofisticou-se, de maneira que muitas das detençoms ajustam-se aos dias e horas prévias ao voo para nom ter que recorrer ao internamento. O período máximo de 72 horas de calabouço converte-se em tempo suficiente para tramitar e executar a deportaçom. Coma se a cadeia de montagem expulsora se adaptasse ao ‘just in time’ da produçom flexível. É a deportaçom exprés.

De outra banda, nos últimos anos esta maquinaria devorou boa parte da populaçom recluída estrangeira. Em dezembro de 2009 havia umhxs 27 000 presxs estrangeirxs nos cárceres espanhóis; em dezembro de 2016, 10 000 menos. Da descida total da populaçom recluída —que cai nesse mesmo período de 76 000 a 60 000 presxs—, o 60 % é de populaçom estrangeira. Daniel Jiménez Franco, numha recente palestra que ofereceu em Cambalache, respondia à pergunta «quanto encarcera o Estado?» com umha frase breve e contundente: «Todo o que pode». No seu livro ‘Mercado-Estado-cárcere na democracia neoliberal espanhola’ mostra como o encerramento se multiplica durante o período do «milagre económico» e como o negócio dos cárceres pisa o freio baixo o impacto da crise de acumulaçom capitalista. Umha das principais maneiras de esvaziar os talegos —que conste que o número de presxs continua sendo elevadíssimo—, foi e é a expulsom do território.

A batalha polo contrato das deportaçoms

Desde o ano de 2013, o Ministério do Interior saca a concurso o contrato para que as companhias aéreas disputem o privilégio de fretar os voos de deportaçom.

Contrato que, por valor de perto de 12 milhões de euros anuais, ganhou no período 2013-2015 a Uniom Temporal de Empresas (UTE) formada por Air Europa (Grupo Globalia) e Swift Air. Em 2016, outra UTE —Viaxes Barceló e Air Nostrum (filial de Iberia)— arrebatoou o macabro contrato a Globalia. O resto de companhias participam do regime deportador através dos voos comerciais: trata-se de deportações de migrantes tomadxs de um em um, escoltadxs por um par de ‘madores’ que tratam de passar despercebidos na parte traseira do aviom. Há todo um rasto em Europa de pessoas asfixiadas —assassinadas— polos seus escoltas. Se formas parte da passagem de um desses voos, pequenos atos de desobediência —nom sentar no teu assento, negar-te a pôr o cinto de segurança, protestar ante a tripulação, buscar a cumplicidade de outras pessoas para que che secundem— podem significar o cancelamento da expulsom.

Reinventando Frontex e o Plam África

A escala europeia, há uns meses assistimos à criação da Agência Europeia da Guarda de Fronteiras e Costas. Entre as principais novidades desta agência substituta ou reinventora de Frontex está a sua capacidade de despregamento com agentes próprios —1500 guardas, dos que Espanha achega 111—. A nova agência levará a cabo «intervenções fronteiriças rápidas» ante a chegada «massiva» de migrantes —mesmo contra o critério do Estado onde se realize a intervenção— e propom-se incrementar exponencialmente a sua capacidade deportadora. Se a antiga Frontex sobre todo coordenava e financiava os países da UE para realizar voos em comum, agora a agência fretará as suas próprias naves.

De outra banda, mediante umha estratégia similar à que o Estado espanhol levou a cabo a partir do ano de 2006 com a aprovação do Plan África, a UE trata de governar a sua fronteira sur mediante acordos de cooperação com países africanos a câmbio de controle migratório e deportações. O objetivo é claro: «(...) o sucesso desta estratégia medirá-se pola taxa de retornos», di a burocracia europeia. Dos cinco países com os que se subscreverom estes acordos —Nigéria, Senegal, Mali, Níger e Etiópia—, três som destino habitual das deportações desde Espanha. O do 3 de maio seria o terceiro voo a Nigéria nos quatro primeiros meses de 2017. Na década de noventa —dizia-nos um piloto—, viajava num desses avions um inspetor espanhol com umha valisa cheia de pasta para negociar a carga humana com as autoridades nigerianas. Vinte anos depois, xs deportadxs continuam voando pola força a Lagos. E desde a Nigéria continua chegando a Espanha um contínuo fluxo de petróleo e gás. Também de mulheres para o florescente mercado europeio do sexo. O cru viaja protegido polos exércitos occidentais. Elas —na sua dupla condição de mercadoria e de mulheres que lutam por umha vida vivível— atravessam um inferno —muito máis inferno do que um simples e infinito deserto— para chegar a Espanha. Aqui, o Estado, erigido em defensor das vítimas de exploração sexual, monta redadas racistas nos clubes, as encarcera nos CIE e nos calabouços e as deporta em avions de Barceló. Logo, promove reportagens a dupla página em ‘El País’ contra a trata.

Eduardo Romero



Também na festa, ningum agressor sem resposta

Que desfrutem por mim todas aquelas boas pessoas que se sentem livres para ir ao SonRías Baixas, Pardinhas, Carvalheira de Zas, Castelo Rock, Revenidas ou Vilarock. Eu nom posso. De momento. Em algum de todos estes festivais andaré metido, ou nom, mas nom posso arriscar. O cam de prensa está aí fora. Porem, mentres escrevo e penso quem se animará a publicar isto, penso também em como poderia ter sido esse segundo encontro.

Foi tam rápido que já nom sabia nem como me caiam. Contou-me gente que viu a agressom que este cabrom me tivo em posiçom de submetimento, hostiando-me com crueldade. De verdade que nom sabia se era ele ou os rapaces que me sacarom dos seus braços, levando-me polo pescoço. Horrível. Agora estou fodida. Nom me sae a imagem da cabeça e choro, cabrum. Porque a minha auto-estima está tocada. De momento.

A minha intençom de nomear agora a Antrospinos deve-se a que gostaria de que todas as organizaçoms foram consciêntes de que manhã pode passar em qualquer festival e há que

saber agir, quanto menos, dum jeito humanitário. As pessoas que compondemos umha organizaçom somo responsáveis (nom culpáveis) do que nela sucede. No primeiro momento, depois da agressom, umha boa tropa de gente e gente também da organizaçom, foram junto de ele. Imagino que deviam estar a perguntar-lhe que quê lhe fizera eu a ele para ter que reagir assim, o seu vizinho. Buscariam umha justificaçom para nom ter que passar pola violenta situaçom de ter que bota-lo. Permitiram que eu ficara num recanto e ele na carpa da festa. Que nem o sacarem nem com, nem sem hóstias do terreiro e que comigo nom cruzaram nem um estás bem, precisas água ou gelo para as feridas. Nada. A única da organizaçom que véu junto a mim depois de estar com ele, pretendendo ser amável e riquinha, diz-me que tinha que ter em conta o álcool. Agora sei que era família directa, sinto-o por ela, deve ser muito fodido. De coração. Tempo depois ele marchou. Eu fiquei com o gelo e coas amigas que procuravam informaçom sobre a sua identidade e nom toparom mais que o facebook. Ninguem deu nome. Nada.

Cada festeira ou festeiro conta a feira segundo lhe foi nela mas o que é indiscutível é que as organizaçõs dos festivais tenhem ou nom tenhem consciência feminista. Na que eu estou, no Festival das Brétemas, há consciência feminista e nom há medo a empregar a palavra, e somos sabedoras e sabedores da situaçom de desigualdade e violência que vivemos as mulheres. Nom falaríamos nunca num comunicado após uns feitos assim no nosso Festival de “tolerância entre homens e mulheres, mulheres e homens”. Rejeitamos os termos igualitaristas, porque nom se pode igualar o que é desigual. Apoiamos como me estam a apoiar a mim e pulamos para denunciálo de jeito colectivo. Sentim que se tocam a umha, respostamos todas. Dam-me a força que me falta. Aguardo que esta experiência anime a todas as organizaçõs festivaleiras a ler e entender o que é a opressom machista, a dominaçom e a necessidade dumha resposta urgente das organizaçõs que se definem “com consciência” para atalhar estas situaçõs e trabalhar na prevençom. Se há desigualdade e esta nom se nomea nem se reconhece, nom há protocolo que vala.

Nunca na vida me hostiei com ninguém. E mira que tivem momentos e motivos...tantos, tantos que se respostara a todos nom poderia ter demasiadas relaçõs sociais, laborais nem pessoais. Mas cravei hóstias. Claro que cravei hóstias, poucas; umha porque me impediu de avançar para a minha casa, indo soa, forçando-me a ir com ele e a receber o seu

prazer, e quando apareceu um amigo para evitar um mal maior, dixo que eu o que queria era chupar-lhe o rabo. Como nom hostialo? Outra, um pavo me agarrou o cú porque sentiu que é um direito adquirido sermos a sua propriedade. Houvo outra sim, e também de festa. Também o sexo como fio condutor. Ficaram com ela. Hóstias que recebem com vergonha. Sexo débil hostiando ao forte. Aguardam ter-nos domesticadas. Este cabrom intentou tirar-me da valha várias vezes ate que me sapateou ao cham. Tirou-me. Sapateada. Este nom me deu tempo a cravar-lhe nem media hóstia. Este queria peleja.

Arrisco seio, porque resposto se tenho que responder. Nom deve ser assim? Nom há que defender-se? Estou confundida? Tenho ou temos que ficar com a humilhaçom de sermos agredidas por estes porcos? Esse é o meu delito. Seio. Defender o direito a nós defender. Afirmo também que som brava e com orgulho mas nom devo ser tirada, sapateada e golpeada com sanha pelo feito de ter consciência e me defender das agressõs machistas. Logicamente quem agrede nom pensa igual mas, por favor, todas e cada umha das pessoas que achais que a minha maneira de ser é a responsável final das feridas, por favor, fazei umha reflexom. Os vossos juíços firem muito mais que os golpes recibidos. E se nom há reflexom, nom vos esforceis com beijos e flores. Há quem di que nom é violência machista mas imaginemos toda a história ao revés. Homem hetero sem camisola bailando livremente,

mais tarde, livremente cum amigo, a última hora, com camisola, pousados numha valha, sem mais gente nas valhas e com valhas para muita gente. 30 pessoas na festa. Muito espaço, eles subindo-se à valha e umha mulher intentando tira-los, até que empurra a um deles com o conseguinte gancho pelo pescoço e as hóstias na face. Poderia suceder? Difícil mas poderia, mas esse tios da valha, nom teriam suportado anteriormente e em reiteradas ocassons ao longo da sua vida nocturna, o acosso, a intimidacom ou a violência sexual. A mulher sim. Isto nom significa que sermos oprimidas nos tenha que converter em opressoras reproduzindo as suas condutas, tam só plantejo umha analogía para ajudar-vos a construir e analisar a realidade com perspectiva de género.

A violência machista quando apares, precisa ser justificada para nom fazer-nos sentir umha merda, ao ter, ou mais bem decidir seguir relacionando-nos com pessoas assim, porcos machistas misóginos.

Somos conscientes de que lhes fode ver-nos muito seguras, bailando entre mulheres, sem interessar-nos por eles, nos espaços que sempre ocuparam, até que chegamos. Somos conscientes de como as gastam. É a lógica predizível do patriarcado. Fode-lhes, a todo essa borralha machista, que os nossos corpos, que as nossas tetas sejam nossas e decidamos donde e quando as expomos. Fode-lhes ver como nos beijamos colectivamente, sem eles. Fode-lhes que nom baixe-

mos o olhar quando nos acoassam e fode-lhes muito mais que o baixemos para escrever e faze-lo público. Que-rem-nos submisas. Caladas. Esse é o o delito de todas as que respotamos às agressons machistas. Melhor submisas que combativas. E quanto mais combativas, mais hostias e violência. A contraofensiva.

Enquanto estou terminando agora de escrever, a minha companheira intenta ajudar-me dizendo que foi umha experiência mais coa que já contamos as mulheres e pergunta se se levava umhas hóstias dum anti-disturbio estaria assim. Digo-lhe que nom, porque todo o mundo me veria como vitima do sistema politico opressor e policial e todo o mundo quando lhe passa se sente heróico e orgulhoso por ter lutado. Resposta-me que é o mesmo. Que é por ter lutado. E quero convencer-me de que assim foi. Mas nom posso...de momento. Porem som consciente de possuir um tesouro que nom todas as mulheres toparom. O meu tesouro é a sororidade, o carinho e o amor do feminismo que está presente em cada umha das amigas e companheiras. Quanto calor recibim estes días... Isso ajuda, e muito, a recuperar a auto-estima. A terapia da manada feminista começa também a surdir efeito.

Muito obrigada a todas.

Lorena Pinheiro



Ferramentas



Trabalho precário, sindicato de bairro

Que nos passou?

As últimas décadas supugêrom um golpe mui duro com respeito às luitas laborais e as condições de vida das trabalhadoras. A balança entre as rendas do trabalho e as rendas do capital inclinou-se claramente cara estas últimas, aumentando indiscutivelmente as desigualdades. Desigualdades já insultantes antes da estocada da crise mas que hoje já mostram sem nengum tipo de vergonha a falta de ética absoluta dos ricos, empresários e investidores à hora de repartir o pastel dos lucros. Desigualdades acentuadas ante a dificuldade da gente de organizar-se para fazer frente e pôr freio à guerra que as classes dominantes desencadeárom e que golpeia forte nas nossas terras e em todo o planeta.

Desde os movimentos autónomos na década de 90 e primeira década dos 2000 grande parte da nossa tarefa era manter espaços de dissidência onde desenvolver a nossa atividade social, formativa, cultural ou simplesmente de lazer. Diferentes luitas tocárom de cheio a vida quotidiana. O feminismo e a sua capacidade de levar ao dia a dia outra maneira de entender as re-

laçons, as luitas e a vida em definitiva, expulsando em boa parte esse rasto patriarcal que se respirava em certos ambientes radicais. Também a okupaçom e o movimento pola vivenda centrárom-se numha questom tam básica como é o lugar em que vivemos, em contraposiçom à mercantilizaçom da vivenda, a especulaçom e a gentrificaçom dos bairros. Assim, podemos dizer que estas fôrom quiçá as luitas com mais trajetória e incidência política das últimas décadas umha vez rematada a batalha da insubmissom.

Isso sim, polo mundo do trabalho passou-se de jeito despercebido. Quando as ETTs começárom a ensinar os cornos, houve umha mobilizaçom contundente que enlaçou os diferentes movimentos populares mas que certamente ficou isolada, nom goçou do apoio de outros setores sociais, nem das suas organizaçons e nom tivo continuidade. Desta maneira, muitas moças da época rematamos trabalhando para aqueles traficantes de trabalhadoras, sem mais remédio que aceitar as péssimas condições que ofereciam. Umha situaçom que hoje empiorou claramente. Por outra banda, umha parte do movimento optou

por articular umha crítica global ao trabalho assalariado adotando lemas como «abaixo o trabalho» e propondo alternativas inassumíveis para a maioria —como reciclar, okupar, viver de ajudas, roubar... —, o percorrido de estas nom chegou além do gueto.

No enquanto, os sindicatos alternativos impunham à hora de organizar-se umhas práticas e umhas formas que a muitas nos resultavam pessadas ou burocráticas. E com certo hermetismo opunham-se às propostas de abertura e câmbio que faziam as trabalhadoras mais novas. Nom existiu um relevo geracional de aquelas que durante os anos da Transaçom mostrárom os dentes no trabalho, nom já contra o patrom e a polícia senom também contra os que entendiam a luta obreira como umha torneira que podia abrir-se e fechar-se segundo as necessidades das cúpulas sindicais. Exemplos de luitas obreiras que levárom o assemblearismo e a horizontalidade até as últimas consequências fôrom a greve da Camy (1969), a de Roca (1976) ou as greves dos estivadores (1.980 a 1.982). Mas esta falta de traspasso geracional e a comodidade em época de vacas gordas—podia ir-se trampeando aqui e alá, cambiando de trabalho e de ETT sem muitos problemas—figérom que abandonássemos esta frente. Outro galo cantaria hoje se as trabalhadoras figéramos músculo para o enfrentamento.

Economia e trabalho agora

Muitas somos as que pensamos que hoje o poder político é, em definitiva, un monicreque do poder económico. Os «favores» entre governantes e empresariado som ‘vox populi’; algo tam repugnante como a corruçom é parte inerente no sistema e as portas giratórias forman parte da quotidianidade das cúpulas políticas e patronais cada dia de forma mais descarada. E as classes populares, indignadas ante estas evidências,¹ sentem-se impotentes à hora de fazer-lhes frente.

A política estatal nom pode confrontar o poder económico porque, em definitiva, é umha engrenagem do mesmo mecanismo, as saídas «ruturistas» só proponhem cambiar algumas cousas para que o capitalismo continue a ter sucesso. Fai falha, pois, que o mundo laboral seja umha ponta de lança onde encenar esta luta entre o poder económico (o capital) e o poder popular (as classes oprimidas).

Hoje as estatísticas indicam que de cada quatro novos postos de trabalho três som em precário, temporais e/ou estám por baixo da média salarial do Estado espanhol. Nos ambientes anticapitalistas, a precariedade é um feito incontestável. Somos um reflexo da sociedade. Somos pobres e ainda podemos sê-lo mais se nom detemos os plans que os de arriba tenhem

1. Os dados do barómetro do CEO de novembro de 2015 em Catalunha som significativos neste sentido. O 81% das participantes do inquérito mostram-se de acordo em que «os políticos só buscam o lucro próprio». Numha escala de confiança nos políticos que vai do 0 ao 10, a nota média é de 2,96. O 68% das participantes pontuam-nos por baixo do 5 e só o 19% situam-nos entre o 6 e o 10. Os partidos políticos nom obtinem muito melhor resultado: 3,5 de média, um 59% no 4 ou menos, frente a um escaso 18% que os situa por cima do 5.

preparados para nós. Somos pobres mesmo os que trabalhamos, enquanto eles encham os petos com a nossa suor. E, gostemos ou nom, a grande maioria de nós tem que trabalhar para poder cobrir as suas necessidades, para viver —entendendo «trabalhar» para ser um assalariado, um falso autónomo, um autónomo ou qualquer das variáveis existentes à hora de buscar a vida—. O feito é que nom vivemos de rendas, necessitamos trabalhar.

É por isso que o tema tem a importância que tem. Nom estamos a expôr a volta à centralidade obreira de anos passados, mas sim voltar tomarmo-nos o tema seriamente e buscar as ferramentas que melhor nos convenhan para enfrentar-se a eles.

A saída cooperativista

O cooperativismo tem como obxectivo melhorar a vida das pessoas que formam parte e do resto da sociedade, na medida das suas possibilidades. Muitas som as vozes que falam do cooperativismo como o mandato que construirá a sociedade postcapitalista em base à economia social e solidária e à intercooperação, que nos liberará dos males do capital e o salário.

Entendemos as cooperativas fieis ao ideário e as práticas horizontais e autogeridas como projetos que achegam o horizonte revolucionário, como janelas onde mostrar que outra forma de funcio-

namento é possível. Mas estamos convencidas de que nom se pode criar umha ilha dentro do capitalismo porque todas estamos sujeitas às leis do mercado e a competência. E a intercooperação e a criação deste «mercado social» nom serãam a pedra de toque angular para acabar com o acosso capitalista. O nosso apoio a estas iniciativas é absoluto mas entendemos que isto nom pode levar a ignorar as luitas laborais noutros âmbitos, já que também som cruciais para enfrentar o poder económico que hoje nos domina.

Revolta precária

Da greve de trabalhadoras da Fnac até os despedimentos de Mercadona, desde a greve de cadeias de comida rápida nos Estados Unidos até as greves têxteis do Bangladesh passando pola revolta das escadeiras, a precariedade impom-se em todo o planeta como contrapeso ao 'low cost' na balança do lucro empresarial. O terceiro mundo achega-se dia a dia a mais capas das classes populares, incluindo as pessoas com trabalho.

A estrutura clássica sindical de comité de empresa nom é suficiente ante o modelo de dispersom, atomização e inseguridade que geram os trabalhos precários. Sobre todo no setor de serviços e nas subcontratadas.

O poder da nossa classe, a das trabalhadoras,² está dividido em dous

2. Neste texto referimo-nos a «classe trabalhadora» porque falamos explicitamente do trabalho nas suas diversas formas. Agora, somos cientes de que a expressom tem diferentes frentes: de género, étnico, referente à sexualidade, etc. É por isso que em realidade o sujeito comum que queremos construir está formado pelas classes oprimidas.

blocos: o poder estrutural e o poder associativo. O primeiro é aquele que podem ter diferentes grupos de obreiras para deter a produção ou a economia de alguns setores —por exemplo, as controladoras aéreas, no qual seis mil trabalhadoras podem deter o tráfico aéreo de todo o Estado espanhol—. O sindicalismo pactista e amarelo costuma ter grande interesse nestes setores mas cada dia, por culpa da externalização, a subcontratação e a tecnologização —substituição de trabalhadoras por máquinas ou computadoradas —, esta força vê-se mais diluída e nom é por casualidade.

Em segundo lugar, o poder associativo da classe trabalhadora é a capacidade de organização e de incidência na realidade das trabalhadoras. Este está dividido em três frentes: o sindical, o social e o ideológico. O sindical é a força dos sindicatos, o número de pessoas afiliadas e a capacidade de mobilização dentro das empresas. O segundo, que como movimentos políticos de bairro queremos tentar levantar, é o social, que radica em tentar conscienciar e mobilizar a contorna social, um claro exemplo seria o apoio que recebeu a greve de Movistar. E o terceiro é o poder ideológico, a capacidade de explicar e rebater os argumentos do empresário, a patronal ou dos poderes políticos e os seus meios de comunicação que justificam a exploração.

Hoje, devido á precariedade, a mobilidade e a temporalidade contínua nos lugares de trabalho, o sindicalismo

e as luitas laborais tenhem que assumir outro aspeto muito mais social onde tanto os próprios sindicatos como os grupos de apoio nos bairros ou as comissões laborais autoorganizadas devem agir como apoio «parasindicalista» para recuperar a força que tinham os trabalhadores, nom só nas empresas, senom também no bairro, no povo, na família ou no bar; em definitiva, em todos os ámbitos de socialização. Assim a força nom só se poderá mostrar polo número de trabalhadores em greve —que evidentemente é imprescindível—, senom também polo apoio que se lhes dá nos bairros, pola adesom social em geral, porque a estas alturas nom só estamos exploradas como trabalhadoras, senom também como mulheres, como consumidoras, e juntas e bem coordenadas podemos fazer mais dano do que nunca.

Umha experiência inspiradora fôrom os comités de solidariedade de París durante os anos 2001-2003. Mediante a organização de grupos de pessoas solidárias oferecia-se apoio externo a luitas de setores laborais mui frágeis mediante o reforço e extensom de piquetes, recolhendo fundos para as caixas de resistência e procurando ajuda legal quando os sindicatos nom respondiam. A sua tarefa nom era suplantat as grevistas nem dirigir a luita, nem sequer substituir os sindicatos. Cumpriam umha função muito mais importante: ajudavam a levar a greve para mais longe quando as trabalhadoras o criam necessário³

3. VVAA: Os Coletivos de solidariedade. Umha experiência de luita em París (2001-2003), Klinamen, Madrid, 2014.

O sindicalismo

O sindicato é a união de trabalhadores para tratar o que lhes incumbe. Se reduzimos à essência o sindicato este é um espaço de apoio mútuo e solidariedade entre iguais; não devemos esquecer isto. Mas a vergonhosa trajetória que seguimos nas últimas décadas os sindicatos majoritários como garantes da paz social, como assisantes de diferentes cortes de direitos laborais, fiço que a confiança cara o sindicalismo em geral caísse em picado.⁴ Se somamos a isto a campanha de descrédito e criminalização que os governos liberais desencadeárom, desde os tempos de Thatcher até a campanha de desprestígio do PP prévia às reformas laborais, obtemos um sindicalismo bastante tocado. Se nos centramos no sindicalismo revolucionário ou alternativo, mália os seus esforços para diferenciar-se dos majoritários, sofre também deste desmerecimento generalizado.

Também, uma grande parte da gente, na atualidade, está altamente despolitizada e portanto vê os sindicatos como algo antigo, organizações que num passado fôrom úteis mas que agora perdêrom todo atrativo. Outras é possível que o identifiquem mais com um partido político, mesmo se lhes chegou a chamar caste, porque não esqueçamos que alguns nomes de sindicalistas de CCOO e UGT saírom na listagem dos cartons «black».⁵

Perante este panorama, a luta laboral e a filiação sindical fam-se difíceis de entender polos setores precários. Esta desconexão é culpa, basicamente, do desarraigamento e a falta de ataduras às empresas, do desconhecimento de exemplos de luta e das ferramentas que a podam facilitar —os sindicatos—, o medo ou a ideia generalizada de que «não se pode fazer nada», assim como do modelo de comités de empresa, que para uma grande parte dos setores mais precarizados da classe trabalhadora ficárom obsoletos devido à temporalidade.

Outras ferramentas

Para rachar este isolamento social que sofrem muitas das trabalhadoras desde os movimentos políticos e sociais temos que fazer o necessário para voltar às lutas laborais no âmbito territorial, reintegrar o sindicalismo nos nossos povos e bairros pois é ali onde as trabalhadoras precárias e temporais encontram arraigamento e apoio social. Temos que estabelecer umhas bases para fazer perder o medo aos abusos no mundo laboral; devemos sentir-nos apoiadas e seguras se pnhemos em andamento uma protesta. É agindo nos bairros, e na empresas por suposto, onde poderemos construir um projeto mais completo de defesa dos direitos das trabalhadoras, de autoorganização e de instauração de uma consciência de classe.

4. CIS, 2010. À pergunta «Que confiança tem você nos sindicatos?» as participantes responderom: 1,9% (muita); 19% (alguma); 30,8% (pouca); 41,5% (nada); 6,4% (não sabe) e 0,4% (não responde).

5. Beltrán Roca Martínez: *Contrapoder sindical. Etnografía, crítica e investigación aplicada nas organizações sindicais*, Fundação Anselmo Lorenzo, Madrid, 2013.

Falamos de criar espaços onde a gente puder assessorar-se em temas laborais de forma gratuita e fácil. Falamos de fomentar espaços de encontro onde gerar empatia, solidariedade e apoio mútuo entre precárias, tais como as redes de apoio mútuo laborais ou sindicatos de bairro.

Todo isso como reforço da luta sindical que já se está a levar a cabo, porque nom falamos de suplantar o sindicalismo clássico, senom de complementá-lo dando ferramentas para o empoderamento e organização da rama mais castigada dos assalariados, e portanto a mais suscetível de lutar por umha melhora das suas condições de vida.

Assim, se criamos uns vínculos de confiança fortes entre a gente dos bairros e povos, se trabalhamos forte e fazemos que nos sintamos seguras e protegidas entre nós, poderemos aggrandar os campos de luta, traspasando o laboral e facilitando a exten-

som a outros conflitos como poderiam ser a vivenda, o consumo, a pobreza energética, a gentrificação...

Reciprocidade

Se conseguimos pôr em andamento propostas como estas, aumentaremos os vínculos entre sindicatos e movimentos sociais e aos poucos irá-se gestando umha nova consciência comum que fará crescer os laços de solidariedade tam necessários para enfrentar os ataques que o capitalismo dispara contra as classes populares.

Como exemplo temos a solidariedade do movimento popular de alguns bairros cara a greve indefinida de Movistar, onde faixas de adesom luziam em diferentes pontos, onde se levárom a cabo diferentes atos para difundir a greve e recolher dinheiro para a caixa de resistência, onde as sabotagens às linhas e tendas fôrom mui visíveis e onde a expulsom dos esquiros se levou a





cabo sem nengum tipo de miramento num claro exemplo de solidariedade.

Resumindo

Há que deixar de mirar a luta laboral em termos burocráticos e jurídicos e levá-la ao âmbito quotidiano e social. Há que mudar a perspetiva do feito laboral porque já nom é só cousa de obreiros e grandes empresas, há que reconduzi-lo à pequena e mediana empresa, aos trabalhos nom produtivos mas indispensáveis, como os cuidados. Há que pôr no lugar que lhe corresponde a conciliaçom laboral e familiar como eixo para as melhoras laborais. Há que pensar na reduçom de jornada para umha vida melhor. Há que redefinir as luitas e pô-las no contexto atual. Deve fazer-se músculo para passar à ofensiva e nom sempre responder às agressions. Quiçá vai chegando o momento de mirar o empresário aos olhos e ver aí as debilidades; colhê-lo entre todas pola camisa e sacudir um pouco e, talvez assim, começará a ver qual é a outra face da exploraçom laboral.

*Artigo publicado na revista **Una posició***





Chora et
labora





Quero baixar-me do mundo (laboral)

Depois de um par de dias com umha dor insuportável nas costas decides ir ao médico de família no teu dia livre, e o médico, depois de umha série de perguntas e exploração decide que nom és apta para trabalhar, assim que che dá a baixa (IT, incapacidade temporária, termo usado nos papéis burocráticos). Sem o médico saber e tu tampouco, esse papel vai ser a declaração de guerra contra a patronal, algumas companheiras e já de passo a confirmação de que és umha preguiçosa, umha má companheira e a pior pessoa do mundo mundial.

Com a baixa começa a tolémia, sobretudo quando chegas ao curro para dar-lha em mao ao chefe, que olhará para ti com desconfiança enquanto lê o papel da IT. **O que é a IT? É o tempo que umha trabalhadora necessita para recuperar a sua saúde, durante o qual nom pode acudir ao seu posto de trabalho. É umha ausência justificada** já que é um médico quem certifica dita incapacidade. Desde 2014 com a Reforma Laboral o médico deve determinar desde o primeiro dia a duração aproximada da baixa (IT). É nesse momento em que descobres que o teu chefe também é médico e

a sua valoraçom é que nom se che vê tam mal, se até fuche caminhando ao curro, e por riba agora nom lhe vai bem à empresa, nem a ele, nem às compis que colhas a baixa (dá igual o mês que seja, como se o escolhesses tu, nunca lhe vai vir bem à empresa, parece que és umha afortunada por estares doente). De facto como nom estás tam mal pede-che um pequeno esforço e ires um par de horas, ainda que seja, porque vaia faena lhe estás a fazer. Nestes 20 minutos ainda nom che perguntou o que che passava e que tal estavas, porque o importante nom és tu, senom a produtividade, a empresa, a equipa que a conforma... e o chefe acaba dando um discurso sobre o companheirismo laboral que a tua maldita doença vem de destroçar.

Que pintam as compis na minha baixa laboral? Estou-lhes fazendo umha cabronada? No discurso do chefe tu és a culpável de que as compis vaiam ter que fazer o teu trabalho durante a baixa, porque segundo o chefe “para que vou contratar outra pessoa? se enquanto aprende vai estorvar mais as compis que ajudá-las”, (soluçom: que contrate alguém com experiência, ademais de que continuamente há

peças que têm o seu primeiro dia). Parte deste discurso está metido dentro das compis, essas que olham para ti com raiva e desconfiança, às que case lhe escutas os pensamentos e a berros chamam-te preguiçosa, e de repente já se soltou umha com a grande pergunta: Vás- lhe pagar tu do teu soldo as horas que vai ter que fazer ela de mais? E tu respondes-lhe que o simples é que nom as faga e já está, e se quer fazê-las que pague a patronal que tu ainda nom sabes quanto vás cobrar, se vás cobrar nem sequer ou se vás ficar sem curro... Respiras com tranquilidade quando por fim depois de 40 minutos em estado de guerra umha compi che pergunta por como estás, que alívio! Deseja-te umha recuperação rápida, por fim alguém nom te trata como a inimiga.

Agora, já na casa, achas que isto ainda nom rematou porque com a baixa dérom-che também a baixa da vida social, porque se nom estás bem para trabalhar nom estás bem para nada, e pronto. Que a ti o médico receitou-che sair e despejar a cabeça? (porque a tua dor de costas tem a ver com o esforço do trabalho e com a tua má gestom dos nervos), dá igual, nom saias porque se já se confirmou que és umha preguiçosa agora sumamos-lhe que és umha sem-vergonha, a quem se lhe ocorre ter vida estando de baixa? Ir ao super? Passear os cans?

E assim, com a baixa o médico (que nom é parente, nem colega...) hoje, com as pílulas, deu-che a declaração de guerra encoberta e a tua ineptitude para o mundo laboral.

Quando tenhas que voltar ao médico ver como segue a baixa, pede-lhe que che dê também a baixa do mundo.

Vamos falar da realidade das baixas laborais, já sabemos o que som, agora falaremos dos tipos que há, quem as paga e todo isso para que nom nos mintam e manipulem mais.

Há 2 tipos de baixa:

- Por **contingências comuns**: enfermidades alheias ao curro.
- Por **contingências profissionais**: enfermidades causadas no trabalho.

Destes dous tipos de baixas vai depender a prestação económica.

—Quanto vamos cobrar assim nos dêm a baixa?

- Por **contingências comuns**: os 3 primeiros dias NADA, do 4º ao 20º cobrará-se o 60% da base reguladora (**nómina**) e a partir do 21º o 75% da base reguladora.
- Por **contingências profissionais**: cobrará-se o 75% da base reguladora **desde o dia seguinte à baixa**. Assim que se te mancacha no curro e o teu chefe che pide que mintas no hospital, nem puto caso, porque agora vamos falar de quem paga as nossas baixas e o que isto nos pode afetar.

Revisar os convénios coletivos, por vezes (poucas) estabelecem melhoras.

—Quais requisitos se necessitam para poder cobrar a baixa laboral?

- Estar dada de alta na Seguridade Social.
- Na baixa por contingências comuns é necessário ter cotizado no mínimo 180 dias nos 5 anos anteriores. Se nom nom perceberás prestação nem salário.

- Por contingências profissionais: nom se necessita o acumulado.

—Quem paga as baixas?

Normalmente a empresa, como pago delegado da SS (ou seja, a SS dá-lhe o dinheiro à empresa para que che pague a ti depois). Se nom a mútua colaboradora ou a tesoureira da SS.

- Por contingências comuns: os primeiros três dias nom cobras, do 4º ao 15º paga a empresa e de aí em diante a mutua ou SS. Em caso de negativa da empresa a che pagar podes pedir o pago diretamente à mútua ou à SS.

—Podo ser despedida estando de baixa?

Sim, a baixa médica nom pode ser causa válida de despido, mas pode considerar-se falta grave, e sim podes ser despedido por outros motivos. Na última reforma laboral certos tipos de baixa convertêrom-se em motivo de despido. É o caso dos períodos curtos de baixa, concretamente as faltas de assistência ao posto de

trabalho, justificadas ou nom, que suponham um total do 20% das jornadas hábeis, num período de 2 meses consecutivos ou o 25% quando o tempo seja de 4 meses, sem que sejam consecutivos poderám ser causa de despido. Isto é, 9 dias de baixa num ano, inclusive justificadas ou nom, podem ser causa de despido da trabalhadora por motivos objetivos.

Temos que pensar que no estado espanhol o despido é livre, e pagando umha indemnização por despido im procedente ou objetivo (sempre que existam causas económicas, técnicas, produtivas ou organizativas fundamentadas, a empresa pode despedir a quem quiger quando lhe pete, inclusive estando de baixa médica). Portanto, se à empresa lhe molesta que umha trabalhadora esteja de baixa por enfermidade, para evitar o despido nulo (e readmissom da trabalhadora) pode inventar-se qualquer falta grave ou causa objetiva, por incerta que for, e despedir a trabalhadora, um dos exemplos mais comuns é que diminui o rendimento do trabalho, assim o empresário paga a indemnização à trabalhadora e esta perde o seu posto pola baixa médica.

Neste sentido existe pouca ou nengumha proteçom à saúde das trabalhadoras, temos a ideia de que os empresários podem despedir à ligeira e nom nos faltam razons.

As baixas médicas mais protegidas som as dos acidentes nos próprios trabalhos, risco durante a gravidez e a lactância, enfermidades causadas

pola gravidez, parto ou lactância e as de violência de género.

—O que fazer se me despedem durante a baixa?

Há que prestar muita atenção aos prazos, já que **teremos 20 dias hábeis** (nom contam sábados, domingos nem feriados) **para impugnar a partir do despido.**

No caso de nom recebermo-nos a carta de despido, nem burofax, simplesmente o SMS com a baixa, haverá que atuar como se fosse um despido verbal e entom convém enviar um burofax à empresa solicitando explicações e indicando que a ausência de resposta considerará-se um despido tácito (criação da jurisprudência, dá-se quando de forma clara e por vontade empresarial deixam de producirse sem causa jurídica alguma que o ampare a relação laboral).

Haverá também que **apresentar umha papeleta de conciliação nos 20 dias seguintes, apresentará-se no SMAC, CEMAC...** De cada comunidade autónoma. Caso nom poder ir pessoalmente deverás mandar umha representante legal, normalmente umha advogada laboralista.

—Consumem-se as férias estando de baixa?

É falso que as férias prescrevam transcorrido o ano natural em que deveriam ter-se desfrutado, se estando de baixa nom desfrutache as férias desfrutará-las no ano a seguir. A tra-

balhadora tem direito a cobrá-las, e se se negam a pagar teremos que reclamá-las. Esta é umha das questões mais conflituosas, muitas vezes os empresários, chegado o despido dizem-lhe às trabalhadoras que nom vam cobrar as férias por estar de baixa, hahaha, como se estivesses de férias e nom doente, inclusive tratarám de te pressionar para que em vez da baixa colhas as férias e assim na liquidação, seja dinheiro que poupam.

—O que se passa com o meu paro se me despedem durante a baixa?

- **Por contingências comuns: continuarás a entregar os partes à SS, continuarás a perceber a prestação por IT, mais a duração do paro irá-se consumindo. Quando che dêm a alta terás 15 dias para solicitar a prestação por desemprego.**

- **Por contingências profissionais: o tempo que vai desde o despido até a alta médica, a trabalhadora seguirá cobrando a sua prestação por IT e o seu paro manterá-se intato. Assim seja dada de alta dispom de 15 dias para solicitar o paro.**

O estado espanhol era bastante garantista com as trabalhadoras até as últimas reformas laborais (de 2014 em diante, sobretudo). Se bem é verdade que durante a crise descendeu o número de baixas, o governo achaca-o a medidas como que as baixas agora estejam ao mando das mútuas (associações de empresários ao serviço da patronal) em detrimento dos médicos de atenção primária, que segundo

o estado estão aliados com a classe operária para estafar a SS e aos empresários, os dados que dá o próprio estado é que no ano passado não se atingiu nem um 20% do que as mútuas consideravam baixas fingidas. É curioso que falem de estafa os governos financiados em B, e as mútuas a quem o ministério de emprego lhe reclama 142.000.000 de € por gastos irregulares de 2006 até 2011. Sacando contas o salário mínimo é de 707 €, um 20% da população ativa... Acho as mútuas e o governo estafam-nos a nós. Se pomos baixa laboral no buscador do Google vamos ver que as primeiras 15 entradas, no mínimo, são de agências de deteção de fraude em caso de baixa. Assim que se estás de baixa e percebes que alguém te persegue pode não ser a fobia se não um detetive contratado pela tua empresa. A paranoia de mania persecutória pode ter culpável...

Nós, as trabalhadoras achamos este descenso ao próprio descenso da população ativa (e portanto ao número de

pacientes que está a trabalhar) e achamos o motivo mais importante, com a insegurança e incerteza laboral sobre as nossas cabeças, é o temor a ser despedidas ou não renovadas pela incidência na reforma laboral que estabelece a possibilidade de despedimento objetivo por faltas de assistência ainda sendo justificadas. Cada vez mais trabalhadoras perante um acidente ou enfermidade leve optam por não acudir ao médico, ou no caso de ir não aceitar a baixa, ou colher a alta antes de tempo contra as indicações médicas sendo contraproducente para a trabalhadora, já que está a pôr em risco a sua saúde, e por vezes no caso dos vírus a saúde das compis, e mirando-o da ótica empresarial pondo em risco a produtividade da empresa.

A nossa saúde vale mais do que a sua produtividade. O capitalismo enferma-nos e mata-nos, literalmente. Por isso e por mais:
ABAIXO O TRABALHO!

Ulalume Nokurro

Abaixo o trabalho, trabalhar mata

Últimos dados da página do ministério de emprego do governo espanhol de Outubro de 2017 sobre as baixas:

Acidentes com baixa laboral: 333.933 pessoas

Acidentes com baixa laboral mortal: 323 pessoas

Acidentes com baixa in itinere: 51.424 pessoas

Acidentes com baixa in itinere mortal: 82 pessoas

Acidentes sem baixa: 488.321 pessoas.

Além



SANTIAGO PRESENTE
CRIME DE ESTADO
Solidariedade com
Povo Mapuche





Santiago Maldonado, presente!

O día 19 do mes de outubro confirmase que o corpo atopado no Lof Cushamen dous días antes é de Santiago Maldonado. A 300 metros da comunidade aparece no río. Era a cuarta vez que se rastreaba a zona, con considerables medios: cans, buzos, drons... sempre de xeito violento e intimidatorio coa Comunidade, sen nin sequera dar aviso.

Din que só dentro de quince días, a autopsia terá os resultados nos que poderá verse canto tempo levaba o corpo na auga e naquel medio concreto, así como a razón da morte. O xuíz do caso, afirmou que non ten marcas de agresión. No último comunicado, a familia de Maldonado considera que son interpretacións prematuras que desinterpretan ao xuíz e intentan un recorte intencionado, oportunista e con obxectivos mesquiños. Dous días despois da confirmación, o 22 de outubro cando se escriben estas liñas, están sendo as eleccións lexislativas na arxentina.

Mentres organismos de dereitos humanos e a ONU piden, e a familia reitera que haxa una «investigación eficaz e independente», o corpo é analizado por organismos dependentes do Estado.

Non temos ningunha razón para crer en ningunha versión oficial nin do Estado, nin da xustiza, nin

doutros partidos políticos, nin dos especialistas científicos supostamente imparciais. Todo o acontecido ata agora demostra unha sarta de mentiras, ocultamentos e todo tipo de irregularidades na investigación. Que pode facernos crer que o corpo non foi plantado alí, a dous días das eleccións no país, para tentar zafar a súa reputación o partido de Mauricio Macri?

Foron case tres meses dende a última vez que foi visto Santiago, era o 1 de agosto e a Xendarmería arxentina invadiu a comunidade de Resistencia Mapuche Lof Cushamen, provincia de Chubut, Patagonia arxentina. Santiago El Lechu, compañeiro anarquista, atopábase solidarizándose coa situación de amedrentamento e agresión constante que confronta o pobo orixinario mapuche.

O tempo vai facendo os seus buracos e cuspiendo emocións e rabias diferentes. Non deixou de haber respostas solidarias pola situación, e contra a impunidad de forzas represivas, Estado e demais responsables da desaparición de

Santiago e do espolio ó pobo mapuche. Unha tremenda manipulación política e mediática, ocultamento de probas en mans da xendarmería, e forte represión: sobre todo na capital federal e no extrarradio bonaerense o exército nas rúas¹. Mais tamén de apoio social en manifestacións e saídas á rúa, mostras de solidariedade, accións directas na Arxentina e alén das fronteiras, e unha intensa contrainformación difundindo o caso.

A noxenta desvergoña coa que o goberno elude a responsabilidade non é, na verdade, sorprendente, non por iso xera menos rabia.

E na verdade, quen está no lugar e na acción, sabe que nin a represión nin a loita comezaron ese 1 de agosto.

WallMapu: Territorio Ancestral Mapuche

A ámbolos dous lados da cordilleira andina, abarcando terras baixo dominio do Estado arxentino e chileno, atópase de xeito preexistente o Wallmapu, territorio que pertence ancestralmente ao pobo orixinario mapuche. Diferentes invasores levan tentando sometelo dende a colonización española ate o presente, pasando pola coñecida Campaña do deserto na Arxentina e a Pacificación da araucaria do lado oeste da cordilleira (actual Estado chileno), a finais do s XIX. Denominacións que esconden a sinistra intención dos Estados e a súa mentira de progreso capitalista: devastación e espolio pra encher os seus petos de diñeiro.

Mais non o teñen doado. Dun lado e outro da fronteira o movemento de

resistencia mapuche é forte, firme e articulado. As súas accións de recuperación de terra non aceptan as delimitacións fronteirizas impostas nin unha identidade de sometemento que só os reconece pra mercantilar o seu folclore e ningunear a súa cultura.

Somos indios bos cando estamos caladiñxs, cando pelexamos somos malxs e violentxs

di Isabel Huala, nai de Facundo Jones Huala, actualmente preso e acusado de liderar a RAM (Resistencia Ancestral Mapuche) considerado polo goberno grupo armado terrorista con financiación internacional.

Isabel vive no Lof de Resistencia Cushman, onde se instalaron en marzo do 2015. Varias familias mapuches decidiron instalarse alí, tomando as terras que pertencen ancestralmente ó seu pobo. Terras das que o Estado arxentino se apropiou e sacou a poxa, vendéndoas, na súa maioría, á Compañía Tierras del Sud Argentinas. A inmobiliaria que operou todo o negocio pertencía a Adolfo Bullrich, antepasado da actual Ministra de Seguridade do goberno de Macri, Patricia Bullrich.

Dende 1991 esta terra de Cushman é propiedade de Luciano Benetton, magnate da multinacional co seu nome, que ten a propiedade legal de 900 mil hectáreas no que se corresponde co territorio ancestral mapuche, explotando a 100 mil ovellas para a la da vestimenta da súa marca, que tanto se publicita con campañas de diversidade racial e multicultural.

En xaneiro deste ano o Lof enfrontou xa unha violenta invasión. Máis unha de tantas veces. Os irmaos de Facundo foron brutalmente feridos.

Para o Pobo Mapuche isto é cotidianidade: persecución, agresións e amedrentamento fan parte do seu día a día. Por iso, aínda mostrando todo o seu apoio na situación de Santiago, son moitas expresións mapuches que con indignación reclaman que ésta non é a primeira desaparición nin agresión ao seu pobo, e moi poucos ouvidos escoitan, e menos loitan ao seu carón.

Facundo Jones Huala, a RAM e a Anarquía.

(...)Non son líder da RAM, nin fundador, RAM é un nivel de conciencia e actitude libertaria Ancestral de comuneiros fartos da Opresión. Fundárona as mesmas Comunidades na súa Resistencia á violencia Estatal, e está presente en todas aquelas que están cansas da Dominación. As Lof non van a mandar presxs a quen xs protexe.

Non importan xa as súas Condenas, os seus Prexuízos, as súas Tiranía, as súas Mentiras, a súa Represión. O feito, feito está, a Revolta xa comezou e as Revolucións acontecerán. Colonialistas capitalistas xogan con lume, e noso lume provén dos Espíritos Ancestrais. Venceremos porque é o noso lar o que defendemos, porque vencemos xa o silencio de Sepulcro ó que nos obrigaran, porque nunca lograron dobregarnos vai máis de 300 anos, tan só estabámonos repondo do tropezón, pois nunca poderán descansar tranquilxs en canto sigan oprimíndonos e maltratando,

na súa conciencia sucia intranquila os ecos do weichan ecoan unha e outra vez de distintos xeitos, ate acadar a nosa liberación(...)

Comunicado Público, Lonko Weichafe Facundo Jones Huala 15/09/2017

Facundo Huala foi preso por segunda vez a finais de xuño deste ano, nun proceso que pide a súa extradición a Chile para ser xulgado baixo lei anti-terrorista; proceso que xa foi anulado por irregularidades, ao descubrirse a tortura ás testemuñas.

Mais o goberno precisa dun inimigo para xustificar a represión, facendo do medo súa primeira ferramenta para manipulala sociedade, alienando cunha ficción de paz social que só ós privilexiadxs beneficia. Non lle importa incumprir as súas propias leis como adoita facer, e de inimigo vai a escoller sempre a quen o rexeite e o confronte sen submisión.

Por iso vai de novo a por Facundo, poñéndoo na cabeza da loita, seguindo a súa propia lóxica de estruturas xerárquicas. E aínda que xs mapuches recoñecen no seu xeito organizativo a existencia de verticalidade, non é do mesmo xeito que a mentalidade occidental a entende, e é todo un pobo o que confronta activamente a loita. É preciso entender que existen outras cosmovisións que conciben o mundo de xeito diferente á opresión do estado e o capital.

Vai tempo que gran parte do pobo mapuche decide reivindicar por medio da acción directa, a autodefensa e o sa-

botaxe; a súa terra e a súa autonomía. O MAP (Movemento Mapuche Autónomo do PuelMapu) é o referente político máis forte ao leste da cordilleira andina (PuelMapu), e a Coordinadora Arauco Malleco do lado oeste, dentro das fronteiras do Estado chileno. Os dous grupos xuntan comunidades e organizacións mapuches independentes que se recoñecen como parte da Nación Mapuche. Os Estados que os perseguen e os contextos políticos son diferentes máis nos últimos tempos procuran declaradamente unha estratexia represiva común. No caso chileno son moitos xs presxs mapuches xulgadx comunmente baixo lexislación antiterrorista, e a confrontación máis vella e tensa, ate o de agora. Tamén a relación entre loita mapuche e anarquistas ven de lonxe. De xeito de apoio solidario, e tamén utilizada como campaña político-represiva polo goberno. Na arxentina comeza vai pouco tempo a darse deste segundo xeito.

Non imos permitir unha república autónoma e mapuche no medio da Arxentina. Esa é a lóxica que están planeando, o descoñecemento do Estado arxentino, a lóxica anarquista.

Son verbas da ministra Bullrich, na primeira roda de prensa polo caso de desaparición forzada de Santiago.

Así vencella o goberno dúas verbas que o fan tremer. Non importa que o propio movemento mapuche e anarquista non se recoñezan como a mesma ideoloxía, aínda que si compartan moitas ideas e formas de loita. Pra o goberno e parte da sociedade chega

con algunhas imaxes sensacionalistas e uns cantos rostros encapuchados para despreñar a súa montaxe.

Facundo Jones é detido, desta segunda vez, horas despois dunha reunión privada entre a presidenta chilena, Bachelet e Pablo Nocetti, xefe do gabinete do ministerio de seguridade arxentino. Preso na cidade de Bariloche comeza unha folga de fame que se vai estender até despois da desaparición de Santiago.

O día 31 de xullo cumpríase un mes da súa detención. Nas portas do xulgado de Bariloche lévase a cabo un protesto reclamando a súa liberación. A policía de seguridade aeroportuaria (PSA) reprime. Son detidas nove persoas, ás que manteñen horas incomunicadas. Feren a varias persoas, entre elas a irmá do Lonko Facundo, á que golpean no rostro facéndolle perder varios dentes.

Pablo Nocetti, xefe do gabinete de seguridade de seguridade da nación, xa estaba pola Patagonia, non por casualidade, senón levando a cabo a coordinación das accións represivas conxuntas entre forzas federais e provincias, e poñendo a proba a súa estratexia sen lei.

No Lof Cushamen, a xendarmería xa levaba días estacionada na entrada, intimidando coas súas armas, enfocando coas luces no medio da noite.

O reclamo para que liberen a Facundo continúa trala represión na cidade, e o mesmo día 31 levan a cabo un corte de ruta (práctica común entre os grupos de resistencia mapuche) na ruta 40, nas



proximidades do Lof. Ese piquete será a escusa que pretenda a xendarmería, Noceti e a xustiza, para declarar a actuación baixo a figura de flagrancia, e invadir a comunidade.

30 xendarmes entran sen orde xudicial, agreden ás persoas, disparan balas de goma e chumbo, queiman pertenzas, pechan ás mulleres e ás crianzas nunha das casas e perseguen ós homes até o río. A maioría deles cruzan á outra beira. As testemuñas mapuches declaran dende o principio que o viron agocharse nas árbores ate ser atopado polos xendarmes, e que entra e sae do territorio unha camioneta (unimog) da xendarmería. E Santiago non aparece máis. Semanas despois fíltrase un video da intervención da xendarmería (<https://www.youtube.com/watch?v=2f0x6GUX9fA>)

Noceti, quen foi avogado defensor de xenocidas da última ditadura arxentina, xa tiña declarado a súa intención de non considerar ordes xudiciais e xustificar coa flagrancia calquera intervención represiva contra membrxs da RAM. O xuíz Guido Otranto, en contacto telefónico coas forzas represivas aquela mañá, protexeu e afastou á xendarmería de toda responsabilidade e demorou cinco días en dar comezo á investigación, que ademais continuou ao seu cargo até comezos de setembro, cando foi aceptada unha recusación para apartalo do caso por imparcialidade.

Despois da invasión preséntase o armamento da RAM requisado: serras de man, dous machados, unha fouce, varios teléfonos móbiles, martelos, fondas e escritos fotocopiados.

As mentiras e a terxiversación do goberno e dos medios de comunicación deixan noticias e máis noticias morbosas para converter todo nunha tele-novela e desviala atención a unha criminalización do movemento mapuche e anarquista. Por exemplo que Santiago podía ter sido ferido e morto nunha acción terrorista da RAM, a semana anterior na que membros do grupo se enfrontaran a facendeiros pola queima dunha estación de tren.

Na ausencia de Santiago

Dende o primeiro día, a familia e afíns de Santiago comezaron a facer presión. Leváronse a cabo habeas corpus e procuróuselle por todas as comisarias da provincia de Rio Negro, Chubut e Neuquén. Comezan a aparecer os afiches, e os chamados reclamando a súa aparición e denunciando o caso como «desaparición forzada», carátula que a xustiza non aceptará até case un mes despois, cando a ONU declara que o caso se axeita ós requisitos para tal consideración.

Na Arxentina, segundo datos da Correpi (coordinadora contra a represión policial e institucional) van 200 desaparicións en goberno democrático. A ministra Bullrich, declara na primeira roda de prensa polo caso, que sempre desaparecen persoas e que esta non é unha razón para que o goberno teña que responsabilizarse.

O mesmo día que entregan o corpo de Santiago pero do ano 2014, despois de case seis anos desaparecido, confirmase que un corpo enterrado como N.N (persoa non identificada) era Luciano Arruga, un mozo rapaz da periferia de Bos Aires que rexeitara aceptar roubar para a policía bonaerense.

A día sete de agosto, as afinidades anarquistas de El Lechu, convocaran xa unha manifestación na Praza Congreso (<https://vimeo.com/229325045>). Inesperadamente, adheriuse moita máis xente da esperada. Ós ataques ás forzas represivas que alí se atopaban, foron condenados polos medios hexemónicos como vandalismo e ataques

de radicais. Dende o comezo, lévase a cabo a criminalización do movemento libertario aproveitando o caso, a descontextualización da situación na que desaparece e a terxiversación de toda a loita do pobo mapuche. Mesmo aínda que o seu irmán le un texto na manifestación multitudinaria no 11 de agosto, na que queda claro o posicionamento do compañeiro, a súa ideoloxía silénciase. Fálase del como un viaxeiro, artesano, tatuador e artista. Santiago era todo iso, xenial debuxante e tatuador, que participaba tamén de eventos que a partires desta arte xuntan fondos para solidarizarse con persoas presas. Pero era moito máis que iso, e non estaba onde estaba de casualidade.

Coa excusa da investigación de persoa extraviada que leva a cabo a xustiza, invaden a casa e a Biblioteca Popular del Rio na cidade de Bolsón, onde vivía Santiago. Nos mesmos días entran en dous centros autoxestionados de Rio Negro e outros en Córdoba capital.

E as respostas vanse tamén sucedendo en Córdoba, en La Plata, son atacadas varias sedes do goberno. Na Capital Federal, xa o día catro fora atacada a casa da provincia de Chubut, deixando mensaxes polo compañeiro, e tamén atacado o edificio do Grupo Especial de Operación Federal, e a céntrica sede da xendarmería.

Nada disto sae nos medios de desinformación masivos. Mais o goberno algo de medo ten: despois da convocatoria por internet dunha Semana de axitación por Santiago, aínda máis militarízase a rúa e auméntase a represión no

sur do país, a intelixencia federal avisa á gobernadora de Capital Federal de que aumente a vixilancia.

A día 1 de setembro na manifestación da cidade de Bos Aires son detidas 30 persoas, entre elas xornalistas de medios de contrainformación, e 14 feridas. O mesmo día 1 celébrase unha misa por Santiago, que tremenda hipocrísia! na que Cristina Kischner aparece chorando...

Agochar e descontextualizar os feitos é precisamente o que o Poder e súas alianzas queren. E tamén o resto de partidos políticos a non ser que poidan sacar rédito. A súa vontade vai ser sempre expandir as ideas de inercia e casualidade, banalizalo todo como o capitalismo fai.

Este é un fragmento do texto lido polo seu irmán, atopado dun dos seus cadernos:

Ola querida poboación, sómolo Goberno, sómolo teu Goberno. Somos quen nos apoderamos da túa vida. A cada segundo, cada minuto, cada hora, cada día. Cada instante que pasa polo teu reloxo e a túa cabeza, dicímosche como tes que vivir. Sómolos que premiamos ós represores, torturadores e explotadores, e castigamos ós que no son como queremos que sexan. E se isto é pouco, ademais existe o cárcere, a tortura, a represión e a explotación na vida cotián perpetuada polas autoridades, exércitos, xuíces, policía, fiscais, políticos e demais mequetrefes cómplices e mercenarios, como empresarios que sustentan esta miseria e escravitude, instalándoa en todas as relacións das nosas vidas. (...)

Nada do que digan vai cambiar o acontecido, nin amainar a rabia, nin acalmar os ánimos. Todo isto mostra a necesidade de

radicalizar e fortalecer os nosos posicionamentos, e intensificar a loita e a solidariedade. Aínda que, como anarquistas rexeitemos as fronteiras: son os compañeiros daquel territorio a moitos kilómetros, quen están confrontando a situación. E como afrontar que maten a un compañeiro? Pensaches algunha vez o que farías? Como aturarias o odio ou o deixarías saír?

(...) Si. Desaparece. Así como cando desexamos que desapareza toda autoridade ou todo estado, desaparece o noso compañeiro. Isto desbórdanos.

Cando os sentimentos de unha fundidos cos de outra entrelázanse, non importan as distancias ou as cercanías, as diferencias ou concordancias porque hai algo en todo iso que nos pon nun mesmo andar rompendo todo camiño. Cando eses factores preséntanse non importan ou, no seu defecto, non son barreiras nin límites para potenciar e expandir a solidariedade e as ansias de rebelarse por una vida plena e en liberdade.

Que pasa cando esta mistura de sentimentos agrégase pola impertinente presenza do que nos machaca e nos normaliza día a día?

Que pasa cando un kompa xa non está en física presenza? Que pasa cando morre? E cando un kompa desaparece?

Ármate e sé violento, fermosamente violento reflexan as palabras dalguén que xa non está.

Agora dicimos, tamén: Que apareza o Lechuga e que todo arda!

Fragmento do comunicado do 14 de agosto, chamando á manifestación anarquista pola aparición do compañeiro en capital federal.



O fío negro da história



Epifanías Libertarias Vol. 2 *Galifornia, Apátrida Galega 2017*

Vai a segunda parte de tres do artigo, podedes seguir máis volumes de epifanías libertarias no blogue iriaboomdias.wixsite.com/epifaniaslibertarias/

Pepe Villaverde: carpinteiro, actor, publicista, orador e organizador

José Villaverde Velo nace en Compostela en 1894, o mesmo día que Manoel Antonio (12 de xullo) mais con seis anos de diferenza, e reside nesta cidade até que cara a 1918 pasa a vivir en Vigo -porque, segundo Mariquiña Villaverde, quería coñecer a R. Mella- para, ao final, mudarse en 1930 á Coruña. De certo, o activismo cultural e obreiro que Villaverde levou a cabo durante toda a súa vida, evoca a mesma inquietude que tiña R. Mella. Así, o tamén coñecido como “Pepe Papeles” ou “Juan José” (pola súa reiterada interpretación da obra de Joaquín Dicenta) foi responsable da organización de infinidade de sociedades obreiras —moitas delas relacionadas co mundo do mar— de diferentes puntos de Galicia e elixido por estas mesmas para ser o seu vogal, así como impulsor do ideario anarcosindicalista mediante a edición de varias cabeceiras, nomeadamente: *El Despertar Marítimo*, *Despertad!* ou *Soli-*

daridad Obrera. Unha traxectoria tan extensa e intensa como a de Mella, coa diferenza de que Villaverde practicou e promoveu dende moi novo o teatro e non morreu de xeito natural, senón que foi fusilado. Posiblemente por isto, Villaverde perdeuse nos labirintos do esquecemento e aínda non houbo pupilo que, como el fixo con R. Mella, compilase a súa copiosa e dispersa produción en prensa. Así e todo, Villaverde goza da homenaxe particular de Manuel Rivas, ao ser carpinteiro o dono orixinario do seu famoso *O Lapis do Carpinteiro*. Pola parte que nos toca, pese sabermos que a militancia de Villaverde continuou intensamente na II República, restrinxirémonos a observar esta até 1930, ano do pasamento de M. Antonio. Desta guisa, recolleamos aquí os seus primeiros pasos en Compostela (que coinciden con M. Antonio estudando no “Instituto General y Técnico de Santiago”) amais de certos detalles ao seu paso por Vigo nos 20. Logo, fóra do seu chamamento de recruta en 1915, a primeira nova que

atopamos de Villaverde data de 1916 e infórmanos de “La Fiesta del Trabajo: Velada en el teatro”:

Ofrecía anoche un brillante aspecto la sala de nuestro Coliseo, abarrotado por completo de hermosas mujeres artesanas que acudieron a honrar con sus encantos la fiesta proletaria del “Primero de Mayo”. Todas las localidades estaban ocupadas, y no había lo que puede decirse un hueco para un alfiler. Esta velada artística a cargo de unos cuantos rapaces muy entusiastas del cultivo de las tablas escénicas dejará grato recuerdo entre cuantas personas acudieron a tributarles sus aplausos (...). Constituyen un cuadro artístico muy excelente que lleva por título “Brisas Futuras” y su director es el carpintero José Villaverde, quien, con bellas frases hizo la presentación de sus discípulos antes de comenzar el acto. (*Gaceta de Galicia*, Santiago, 2/05/1916).

Uns meses máis tarde, tralas mortes que tiveron lugar nos “Sucesos de Nebra”, hoxe coñecidas como as dos “Mártires de Cans”, localizamos a Villaverde xunto coa compañía “Brisas Futuras” no Teatro Principal nunha velada “con objecto de recaudar fondos para socorrer a las familias de las víctimas habidas en los sangrientos sucesos ocurridos recientemente en el término del Puerto del Son” (*Diario de Galicia*, Santiago, 29/10/1916), á que lle seguiría outra en Coruña aos poucos días co mesmo fin. Quince días despois, *La Correspondencia Gallega* anuncia a chegada de varios delegados a Santiago para asistir á “Asamblea Regional” que tería lugar no Coliseo Principal:

El acto será presidido por el exconcejal señor Pasín. La Federación de las sociedades obreras y agrícolas de esta comarca, ha invitado al mitín al vecindario, por medio de una hoja que circuló esta mañana por la ciudad. Si el ciclónico temporal reinante, no ordena lo contrario dejándonos en las tinieblas, se celebrará en el Salón Apolo, una velada teatral por el cuadro de declamación “Brisas Futuras” en obsequio a los delegados que asistan a la Asamblea (*La Correspondencia Gallega*, Pontevedra, 19/11/1916)

Ao ano seguinte, a folga xeral revolucionaria de agosto de 1917, levaría ao cárcere —entre outros— a José Pasín Romero xunto con J. Villaverde e estes non serían liberados até o 9 de novembro dese ano, onde “muchos obreros fueron a esperar la salida de los detenidos, vitoreándolos” (*El Correo de Galicia*, Santiago, 10/11/1917). Porén, esta represión, lonxe de parar a súa actividade, aumentou a súa protesta:

Presidida por el obrero D. José Villaverde se celebró ayer en el teatro un mitín en favor de la concesión de la amnistía a los presos por los sucesos de Agosto. Hicieron uso de la palabra los concejales republicanos (...) y los obreros José Pasín y Ezequiel Rey (*El Correo de Galicia*, Santiago, 26/11/1917).

Despois desta reunión, aínda que descubrimos unha nova de “Brisas Futuras” en agosto de 1920 que anuncia unha próxima excursión á cidade da Oliva; en realidade perdemos a pista de Villaverde até que en novembro de 1921 volve ser detido en Vigo e levado a Madrid xunto co barbeiro Federico Sánchez a raíz do asasinato do contratista Celestino Madurell. A súa

inocencia fai que recuperen a súa liberdade en decembro do 1921 e en marzo do ano seguinte Villaverde estaba a interpretar *Los Malos Pastores* de Mirabeau na mesma velada onde se lían as cuartillas de Mella “Por los hambrientos de Rusia”. Mais, antes de continuar coa vida de Villaverde, queremos adiantar que dende marzo de 1921, Manoel Antonio residía en Vigo durante o curso escolar da Escuela de Náutica e volvía a Asados (Rianxo) durante o verán. Razón pola que, lamentablemente, estivo ausente da cidade durante o 1º Congreso Regional Galaico que tivo lugar no Ideal Cinema de Vigo dende o 12 agosto de 1922 até o seu peche unha semana máis tarde.

A cabeceira *Solidaridad Obrera* “Órgano de los Sindicatos Provinciales adheridos a la Confederación Nacional del Trabajo” recolle esta asemblea e amósanos a José Villaverde como un participativo e reiterado orador en calidade de delegado da sección do Transporte de Vigo, ademais de estar entre os oradores da arenga de peche: “Se acuerda que (...) se celebre Mitín de clausura que corone la labor de este Congreso, en cuyo mitín hablarán (...) Arenas, Rey, Lourido, Villaverde, Expósito, García, Collado y Dolet” (*Solidaridad Obrera*, Vigo, 01/09/1922). Poderíamos seguir enumerando outras novas sobre Villaverde como vogal dalgunha sección ou organización obreira ou como orador noutros mitíns, emporiso pola relación que nos propomos engadiremos só un par delas máis -malia non termos documentación que demostre

o interese de Manoel Antonio nelas-. A primeira escollémola por estar publicada no ano 1924 en *Galicia: Diario de Vigo* posto que neste ano M. Antonio foi correspondente deste xornal e a nova dá conta da solidariedade que Villaverde mostrou coa causa de “Shum” ou “El Poeta”:

El mitin del domingo. Por el indulto de Acher: Organizado por el Sindicato General de Trabajadores de esta ciudad el mitin el Sindicato General de Trabajadores se celebró el domingo a las once de la mañana, en el teatro Tamberlick, el mitín para pedir el indulto de Juan B. Acher (El Poeta), una amplia amnsitía para los presos políticos y sociales y abolición de la pena de muerte. Presidió el acto D. José Villaverde, acompañado de los presidentes de las diversas secciones del sindicato (...) (*Galicia: Diario de Vigo*, 6/05/1924).

Pese a carencia documental, consideramos máis que probable que tivese coñecemento desta sonada condena. Pola súa banda, a segunda das novas, data do 23 de febreiro de 1926, a catro días da primeira travesía (Vigo, 27/02/1926-Vigo, 29/06/1926) de M. Antonio no pai-lebot *Constantino Candeira* e tomámola do *Faro de Vigo* dado que fai referencia á traxedia do vapor pesqueiro *Constante* que acabou coa vida de catro mariñeiros e provocou a rápida contestación de Villaverde:

El presidente del Sindicato General de Trabajadores, Sección Marítima, D. José Villaverde, nos remite unas cuartillas, que por falta de espacio, tenemos que extractar. En ellas se contiene una protesta contra

el hecho de que los vapores de pesca no lleven botiquín. Dicen también que el vapor “Constante” debió arribar al puerto de Peniche, por haber ocurrido el suceso a la altura de las Berlingas, para que allí recibieran asistencia facultativa los lesionados. El mismo Sindicato se dirigió a los armadores de parejas, rogándoles que sus buques no salieran hoy a la mar, a fin de que los tripulantes asistan al entierro de las víctimas. Y por último, se dirige a todos los asociados, para que hoy, a las diez de la mañana, asistan a la conducción de los cadáveres a la cual se llevará la bandera de la Unión Marítima de Bouzas (*Faro de Vigo*, 23/02/1926).

Sen dúbida a mostra que até aquí ofrecemos resulta parca, con todo a consideramos suficiente para comprender que dada a inquietude intelectual e social do rianxeiro, a oratoria e figura de Pepe Villaverde tivo de ser ben visible para Manoel Antonio. Agora ben

todo cuanto yo pueda deciros acerca de el jamás podrá responder a describiros la gran personalidad humana, las excepcionales dotes de orador que le adornaban y la brillante pluma de que hacía gala en sus escritos periodísticos. Como hombre amante del proletariado, paladín de sus justas reivindicaciones, jamás nadie podrá ponerlas en tela de juicio tras su muerte heroica antes de traicionar sus ideales (...) Como orador fue un tribuno para el que no existían secretos, pues una de las facetas que más destacaban en el era el dominio de las tablas. (...) Admirados de su gran oratoria yo escuché grandes elogios a Casares Quiroga, García Sabel, Pestaña, don Enrique Hervada, Antón Villar Ponte, Suárez Picallo (...) Algo que yo siempre admiré en él era lo bien que sabía

terminar sus discursos -cosa que Ortega y Gasset, decía que era lo más difícil para un orador. (Fondo Xosé Villaverde Velo. Carta de Manuel Fernández a Mariquiña Villaverde RAG: C/466-19.01)

Sor Presa





Estalinistas e catalanistas contra a transformação social

Recuperando a memória. Maio 1937

Depois de oitenta anos, podemos considerar Hitler, Mussolini e Stalin como os grandes inimigos estrangeiros da Revolução Espanhola. Se bem os dois primeiros vangloriáram-se do seu apoio a Franco, Stalin, o outro grande inimigo da Revolução atuou com discrição.

Aderida a União Soviética ao pacto de não intervenção, Stalin participou veladamente neste conflito sendo ciente de que o Fascismo não ganharia a guerra rapidamente e o governo da república enviou quinhentas toneladas de ouro a Moscovo para abastecimento armamentístico. Duas razões levaram Stalin a intervir na guerra. A primeira fortaleceu a posição da Rússia no concerto Internacional dado o temor ao isolamento desde a tomada de Hitler no poder (1933). A intenção de Stalin era de incluir Espanha na esfera da influência do Kremlin, assegurando assim os seus laços com Paris e Londres e com isto, paralelamente, melhoraria a sua posição de negociação com Alemanha. Uma vez controlado o Governo Espanhol – território de

vital importância estratégica para a França e Espanha – seria uma força com a que haveria que contar, um aliado desejável.

O segundo dos motivos era o desejo de livrar-se dos antifascistas, opostos também a ele. Estes últimos, solidários com a resistência do povo espanhol ao golpe militar, trasladaram-se para este país lutar contra Franco. Não esqueçamos o interesse do ditador de acabar com o movimento revolucionário espanhol, que impedia toda tentativa do Partido Comunista Espanhol para fazer-se com a hegemonia política. Em primavera de 1937, entre peritos, técnicos militares e membros da OGPU (polícia secreta russa), Stalin tem destacados uns 200 agentes no estado espanhol.

Os soviéticos em poucos meses de intervenção nos assuntos de Espanha controlam as finanças da República. Assim como controlam o 90% de todos os cargos importantes no Ministério de Guerra. O PCE, que nas eleições de 1936 contava apenas com

3000 militantes, consegue capitalizar a luta contra os militares sublevados. A justificação era que a Rússia era o único que podia importar armas ao povo Espanhol. Armas de baixa qualidade enviadas tarde e mal.

Nas zonas onde os Anarquistas estão mais fortes, como no caso de Catalunha, onde o movimento obreiro era Anarquista, infiltram-se no movimento socialista. A operação é capitaneada por Joan Comorera i Soler. O 22 de julho de 1936, comunistas e socialistas unem-se para fundar o PSUC (Partido Socialista Unificado de Catalunha). Umha das principais tarefas deste partido era lutar contra o movimento Libertário. Um dos primeiros movimentos da formação consistirá em ganhar-se a confiança do resto dos inimigos do Anarquismo, como a burguesia nacionalista e republicana. Os esbirros de Moscovo acharão na forma do catalanismo pessoal pronto para separar-se da República baixo a proteção de um estado estrangeiro —da ideologia que for—. Assim enquanto alguns catalanistas intrigavam da França neste sentido, outros, como Dencás, faziam-no em Roma, seduzindo a coíça de Mussolini. Todos em nome do Estat Catalá, catalanistas e estalinistas, colaboraram unidos polo mesmo ódio a um inimigo comum, o Anarquismo, ainda que com objetivos de distinta cor.

Perante esse panorama o diário Právida anuncia o dia 17 de dezembro: “Em Catalunha, a depuração de elementos Trotskistas e Anarco-sindi-

calistas já começou. Essa obra vai ser conduzida em Espanha com a mesma energia que já se fijo na URSS”.

O dia 8 de março dita-se um decreto desarme por parte da Generalitat, a instâncias do presidente Companys.

O dia 3 de maio a Generalitat estende umha ordem de incautação da Telefónica, em maos da CNT desde julho do 36. Este atropelo leva-se a cabo por Rodríguez Soles, comissário general de Ordem Público da PSUC, que nom conseguiu que os Anarquistas abandonassem a sua posição. Este assalto interpretou-se polo proletariado de Barcelona como um atentado que punha em perigo o sistema coletivista. Nom era para menos tendo em conta o golpe que iam dar do governo ao Anarquismo nas horas e dias seguintes.

Ataques e contrataques sucederom-se contra a Telefónica, acompanhados de um despregue de forças em distintos pontos da cidade que punha em evidência as intenções dos atacantes. Finalmente, às oito da tarde do dia 4 de maio, o Ministro de Justiça do Governo Central —o anarco-sindicalista Joan García Oliver—, o dirigente da PSUC, Rafael Vidiella e o próprio Companys invocam a militância para depor as armas. O desencanto entre os Anarquistas nom se fai esperar. Os Libertários sabem que as armas som a única garantia para salvarguardar as conquistas revolucionárias, muitos deles organizam-se baixo o nome de “Los amigos de Durruti”. Nom tardam em ser encarce-

rados e desautorizados polo Comité Regional da CNT.

Quando os Anarquistas abandonam finalmente as suas barricadas, Estalinistas e Catalanistas aplicam-se na sua repressom. As prisons secretas da OGPU enchem-se de Ácratas que som torturados até a morte. Os cadáveres dos libertários, abandonados, aparecem por centos, muitos deles no cemitério de Sants. A repressom que a Generalitat, ao serviço de Moscovo, pom em marcha, chegará inclusive até populaçons em que nom correu sangue nos começos do alçamento. As milícias Anarquistas, que continuam na frente a luitarem contra o franquismo, nom decidem regressar à retaguarda para acabar com as manobras políticas, devido à confusom criada polas suas próprias organizaçons.

O governo central, títere de Moscovo, fai causa comum com a Generalitat. Por enquanto, no frente, todas as divisons que nom som comunistas deixam de receber muniçons. Os Anarquistas começam a saber que a revoluçom e a guerra están perdidas. Os combatentes, ademais, ficam desmoralizados. A militância confederal compreende que as exigências do conflito impedírom a revoluçom libertária. O seu esforço apenas foi em benefício da Generalitat, da República e dos comunistas. Estes, para além de acabar com eles, conseguírom outro dos desejos de Stalin: A queda dos ministros da CNT e o gabinete de Largo Caballero, quem tampouco

nom atendeu os interesses do PCE e ademais sabia demasiado sobre a entrega das 500 toneladas de ouro enviadas polo governo da república a Moscovo. Juan Negrín, o seu substituto, foi umha marioneta movida polo kremlin.

A derrota obreira nas jornadas de maio de 1937 supujo o fim da possibilidade real de umha transformaçom social que ia além da simples mudança das estruturas políticas. Para umha parte importante da classe obreira do estado espanhol, recuperar a república nom era a meta. Tratava-se era de derribar o capitalismo, com umha visom clara de que a mudança real estava na transformaçom social. Os acontecimentos de maio de 1937 representam os climas dessa situaçom. A derrota dos obreiros revolucionários a maos de Estalinistas e os defensores da república burguesa, nom apenas representam o fim da possibilidade transformadora mas também o fim do Anarquismo histórico.

Liberto.

PAZ

É nacer por protocolo administrativo...
Sentir demasiado cedo o perido de supervivencia
Ser obrigadx a sentar, calar, acatar...

Paz é interiorizar a represión dos refluxos internos de vida autónoma
Ata facerte intolerante ao mínimo risco, dependente do confort
E así poder ser maleadx según os caprichos do diñeiro

Paz é moralización e persecución se pos un pé fóra do rego

Paz é invertir horas e horas da túa vida en actividades que só teñen
sentido para a economía

Para saborear as migallas do que podería ser, envelenadas coa paranoia
de perdelas

E poder acceder a unha ampla gama de narcoses...

Paz é aínda rematar os teus días sen unha función, máis que para a
explotación química dos corpos

O que chaman paz é a produción extensiva de miseria, o estado de mínima
enxería das persoas reprimidas e ailladas

Victimagersorxs de diferentes calidades, inmersxs nunha rede de
chantaxes e ameazas altamente complexa e tecnificada, dinamizada pola
Orde da Rendabilidade

...

A ESA PAZ, OPOÑEMOS
a determinación de experimentar a propia autenticidade
de nos ligar a outrxs
de sabotear esta sociedade
dentro e fóra das nosas cabezas

Arriscar como antídoto para o pánico, contra a cobardía que salvagarda o
malestar
e invalida toda consecuencia

A transcendencia de cada decisión tomada por min mesmx
A deserción de toda institución

Nas marxes, nas firgoas, nas sombras
ampliar a autonomía de cada espazo, en cada relación

Contra toda autoridade, contra toda ideoloxía

Para xs que toman a vía da complicidade coa paz baseada na agresión
(dirixentes, policía, empresarixs, funcionarixs, profesorxs,
médicxs...): non somos poucxs xs que sentimos a raiba

A VOSA MORAL VOLTARÁ
A SER SÓ PÓ

Tédesnos en frente...

Colaboraçom anónima





Contidos

nº2

Lumes

- Sobre incendios forestais
- Orgulho de povo, vergonha de governo!

Umha olhada a catalunha

- O teu silêncio é cumplicidade
- Posicionamento da Federação Anarquista de Catalunha sobre o referendun do 1 de Outubro
- Os nossos corpos presos na batalha
- Que drogas lhes derom?? Ao respeito da violência policial em Catalunya

Voze:

- Ateneo Anarquista Agustín Rueda
- Também na festa, nengun agressor sem resposta

Ferramentas:

- Trabalho precário, sindicato de bairro

Chora et labora:

- Quero baixar-me do mundo (laboral)

Além:

- Santiago Maldonado, presente!

O fío negro da historia:

- Epifanías libertarias vol. 2.2
- Estalinistas e catalanistas contra a transformação social. Recuperando a memória. Maio 1937

Paz

Ardora

(s)edições anarquistas

ardora@bastardi.net · ardoraeditora.info